



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE FORMULA A DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DA INDUSTRIA DE FIBRA TÉXTIL A BASE DE CELULOSA E AS SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS, NOS TERMOS MUNICIPAIS DE PALAS DE REI (LUGO), MELIDE E SANTISO (A CORUÑA) E AGOLADA (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POR GREENFIBER, SL (CLAVE: 2024/0004).

Antecedentes

O 29.12.2022 o proxecto Gama de implantación dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, en Palas de Rei (Lugo), promovido por Altri Participaciones y Trading, SL, foi declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Consello da Xunta de Galicia, ao abeiro do establecido no Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial (DOG núm. 128, do 09.07.2015).

Mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Industria, do 11 de xullo de 2023, aprobouse o cambio de titularidade do proxecto industrial estratéxico (PIE) a favor da sociedade Greenfiber, SL.

Dentro do procedemento substantivo de aprobación do proxecto industrial estratéxico, seguido pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético a instancia do promotor para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, o 07.02.2025 recíbese neste órgano ambiental, procedente da dita secretaria xeral, a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1. Información do proxecto

1.1. Motivación da aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria

O proxecto ao que se refire esta declaración de impacto ambiental considerouse incluído dentro dos supostos recollidos no artigo 7.1.a) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ao estar incluído no Grupo 5) apartado e) do Anexo I), polo que resulta preceptivo o seu sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria e a formulación de declaración de impacto ambiental, con carácter previo á súa autorización administrativa, de conformidade co establecido no artigo 33 e seguintes da citada norma.

En consecuencia, o proxecto someteuse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria segundo a dita Lei 21/2013, do 9 de decembro, e agora procede formular a declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co artigo 41.1 da dita lei.

1.2. Promotor do proxecto e órgano substantivo

O promotor do proxecto é Greenfiber, SL e o órgano substantivo é a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, da Consellería de Economía e Industria.





1.3. Obxecto do proxecto, alternativas estudadas e descrición da alternativa seleccionada

1.3.1. Obxecto do proxecto.

O obxecto do proxecto é a implantación dunha fábrica de fibra téxtil a base de celulosa, no termo municipal de Palas de Rei (Lugo) e as súas infraestruturas auxiliares (conducións de captación de auga, conducións de vertedura, liña de subministración eléctrica e vías de acceso), que se estenden tamén polos municipios de Melide, Santiso (ambos da provincia de A Coruña) e Agolada (Pontevedra).

1.3.2. Alternativas estudadas.

De acordo co estudo de impacto ambiental (en diante, EsIA), a empresa realizou inicialmente unha análise para determinar as posibles áreas de implantación da planta en función da capacidade hídrica destas. As sete posibles áreas de implantación foron: Cervo, Alfoz, As Pontes, Forcadás, Baamonde, Lugo e Palas de Rei, sendo esta última a seleccionada polo promotor polas súas vantaxes ambientais, económicas e sociais, logo da análise técnica realizada na que avaliou diversos aspectos como as características topográficas, a configuración física, a dispoñibilidade de recursos, incluídos os hídricos, a existencia de accesos previos, a existencia de núcleos de poboación e a procura das mínimas afeccións ambientais, incluídos os elementos do patrimonio cultural e zonas de fragilidade paisaxística.

Así mesmo, o promotor analizou dúas alternativas de implantación na área do río Ulla. Ademais da alternativa 0 (non execución do proxecto, descartada polo promotor), foron avaliadas a alternativa 1 no concello de Antas de Ulla e a alternativa 2 no termo municipal de Palas de Rei. O promotor tivo en conta diversos aspectos e seleccionou a alternativa de implantación 2 polas súas vantaxes relativas á menor distancia a fontes de auga, menores requirimentos de infraestruturas de abastecemento, vertedura e accesos e menor afección a paisaxe, poboación e elementos patrimoniais catalogados na parcela de implantación, fronte a alternativa 1.

Unha vez establecida a alternativa de implantación, o promotor analizou as alternativas para as infraestruturas externas fóra da área de implantación da fábrica (subministración de enerxía eléctrica, trazado de tubaxes de captación de auga, trazado de tubaxes de vertedura e accesos). Determináronse tres alternativas distintas de captación de auga e, en relación ás alternativas de vertedura, o documento ambiental recolle oito (ademais da alternativa cero ou de non execución), que afectarían aos concellos de Palas de Rei, Santiso e Agolada.

Os criterios empregados na selección desas alternativas foron, entre outros, os seguintes: menor lonxitude, trazado preferente por camiños existentes, afección a núcleos poboacionais, elementos de interese cultural, afeccións a espazos sensibles, adecuación técnica e ambiental das zonas da rede hidrográfica, etc. No referente á subministración de enerxía externa, estudáronse tres posibles alternativas: dúas subterráneas ao longo de 9.318 m e 9.840 m, respectivamente, e unha alternativa 3 que discorre en aéreo ao longo de 7.220 m, empregando como criterios para a selección da alternativa as posibles afeccións a espazos naturais protexidos, fauna, vexetación, hábitats, hidroloxía, paisaxe e poboación.





1.3.3. Descrición da alternativa seleccionada.

O proxecto consiste na implantación dunha fábrica de produción de fibra téxtil a base de celulosa, na que se empregará madeira de eucalipto, das especies *Eucalyptus globulus* e *Eucalyptus nitens* como materia prima básica.

As instalacións principais, nas cales se desenvolverá o proceso produtivo, localizaranse no termo municipal de Palas de Rei (Lugo), nunha poligonal de 360 ha que linda ao norte coa autovía A-54, polo leste e polo sur cun vial local e polo oeste cun tramo do río Seco e cun río innominado. As instalacións proxectadas na planta industrial ocuparán unha superficie de aproximadamente 112 ha, logo de optimizar a área de implantación da planta para reducir os espazos a ocupar.

As infraestruturas auxiliares (conducións de captación de auga e vertedura, liña de subministración eléctrica e accesos), discorrerán ademais polos municipios limítrofes de Santiso e Melide (A Coruña) e Agolada (Pontevedra).

A planta terá unha capacidade máxima de produción de celulosa soluble de 400.000 ADtB/ano e de 200.000 tn/ano de fibra téxtil (lyocell), sendo a capacidade nunha fase inicial (Fase I) de 250.000 ADtB/año de produción de celulosa soluble e 60.000 t/ano de fibra téxtil (lyocell).

A actividade da planta proxectada organízase nas seguintes áreas: preparación da madeira, liña de fibra, secapastas e liña de balas, planta de recuperación, planta de manipulación, planta de produción de osíxeno, planta de produción de ozono, área de produción doutros produtos químicos, sistema de control e seguridade operacional de planta química, instalacións auxiliares (torres de arrefriamento, caldeiras de biomasa, turboxeradores, caldeira de emerxencia, liña de transmisión eléctrica, aire comprimido e planta de gasificación de biomasa, plantas satélite de almacenamento e regasificación de GNL e H₂, grupos electrógenos e *chillers*), planta de lyocell e planta de tratamento de augas e tratamento de efluentes.

O proceso produtivo a desenvolver nas anteriores instalacións comprende as seguintes fases: recepción e procesamento da madeira, cocción, deslignificación con osíxeno, branqueo, deshidratación con secadora a vapor, liña de balas, liña téxtil, esta liña ten a posibilidade tanto de ser alimentada con polpa seca como húmida e remata co secado e enfardado das fibras.

Os requirimentos de enerxía térmica e eléctrica da planta serán xerados pola caldeira de recuperación e caldeira de biomasa, no caso da enerxía térmica, e os turboxeradores alimentados polo vapor xerado por esas dúas caldeiras. As emisións da caldeira de recuperación, do forno de cal, da caldeira de emerxencia e da caldeira de biomasa serán conducidas á atmosfera a través dunha única cheminea de 75 m de altura, para maximizar a dispersión atmosférica.

En relación ao consumo de auga, instalarase un sistema de captación de auga bruta no embalse de Portodemouros, no concello de Agolada (Pontevedra), para un caudal de 46.000 m³/día. A obra de toma consistirá nunha estrutura flotante sobre a cal se instalarán as moto-bombas que eleven o caudal do encoro de Portodemouros ata a estación de bombeo que se localiza en terra firme. O sistema constará dunha estación de bombeo deseñada para





a instalación de 4 conxuntos de motobombas e outra de reserva sobre flotación, cunha capacidade unitaria de cada bomba de 480 m³/h.

A tubaxe de impulsión terá unha lonxitude total duns 12.530 m, de 500 mm de diámetro, con final en 2 depósitos de formigón armado prefabricados, cunha capacidade de 2.500 m³ cada un e unha altura útil de 9,2 m. Destes depósitos prevese bombear a auga cara á PTA (planta de tratamento de auga) e obteranse as diferentes calidades de augas de proceso: auga industrial, auga osmotizada e auga desmineralizada para caldeiras.

En relación coa auga potable durante o período pico de construción e montaxe, a demanda máxima para a subministración da planta podería acadar os 350 m³/día para usos de aseo e consumo e de 150 m³/día para as tarefas de lavado de equipamentos e humedecemento do solo (co fin de evitar o po), entre outros usos.

Para cubrir as necesidades de auga potable para uso sanitario durante a fase de operación da planta, estímase que será necesario un caudal de 50 m³/día a partir da conexión á rede de auga potable dun dos concellos veciños.

En relación ás verteduras de augas residuais que se orixinarán como consecuencia da construción e explotación da planta, inclúense as seguintes:

- Augas residuais xeradas no proceso produtivo durante a explotación da planta, que se tratarán nunha estación de tratamento de augas residuais industriais (ETARI) cun caudal de vertedura de 30.000 m³/día.
- Augas residuais sanitarias durante a explotación, que se tratarán nunha estación depuradora de augas residuais (EDAR) compacta e modular, cunha capacidade de 50 m³/día.
- Augas potencialmente contaminadas, procedentes da drenaxe das zonas de proceso, que se tratarán na estación de tratamento de augas residuais industriais (ETARI), e posterior reutilización no proceso produtivo.
- Augas non contaminadas, recollidas da superficie total da planta, remitidas ás balsas de pluviais da planta e desde alí á rede de saída de drenaxe ou á estación de tratamento de augas para proceso industrial.
- Augas residuais xeradas durante as obras: composta de augas sanitarias e das augas necesarias para as diferentes actividades da obra, que se tratarán nunha EDAR compacta, cun caudal de 350 m³/día.

O punto de vertedura durante a fase de obras proxéctase no río Ulla, nas coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) aproximadas de: X: 583.455; Y: 4.744.400.

O punto de vertedura durante a fase de explotación proxéctase no río Ulla, nas coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29) aproximadas de: X: 576.417; Y: 4.743.235.

A condución da vertedura proxéctase en 500 mm de diámetro, cunha lonxitude total duns 8.870 m entre a ETARI e o punto de vertedura no río Ulla.





As infraestruturas de captación e vertedura presentan un trazado conxunto nunha parte do seu percorrido.

A demanda eléctrica estimada é de 5 MW durante as obras e 110 MW durante a fase de explotación. A planta estará equipada cunha subestación eléctrica propia, que servirá como punto de interconexión dunha futura liña de 220 kV que non é obxecto desta DIA. A dita subestación localizarase na parte nordés da planta.

Para a subministración de enerxía eléctrica durante a fase de obras contéplase a execución dunha liña eléctrica provisional enterrada de 15 kV, cunha lonxitude aproximada de 10 km desde a SET Melide, xa existente, ata a planta.

Con posterioridade á finalización do trámite de información pública e consultas, o promotor presentou nova documentación técnica que incorpora as modificacións requiridas polos informes sectoriais que se emitiron durante o dito trámite. Nomeadamente, o informado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural deu lugar á seguinte modificación:

- Modificación do trazado da liña eléctrica de 15 kV, cuxo percorrido inicial de 9.375 metros de lonxitude estaba deseñado integramente en subterráneo. Agora, esta liña presenta unha configuración mixta que combina tramos subterráneos cun aéreo duns 1.408 m (12 apoios) co fin de reducir o seu impacto sobre o patrimonio cultural nas proximidades da SET Melide. Ademais, redúcese a lonxitude da liña, que pasa a ser de 7.403 m.

Constan no expediente o documento titulado *"Addenda ambiental comparativa liña a 15 kV conexión subestación de Melide"*, asinada dixitalmente o 16.12.2024, que contén a descrición e a valoración ambiental da dita modificación, así como os correspondentes informes sectoriais que avalían os seus posibles efectos sobre o medio ambiente.


Estas modificacións foron valoradas dende o punto de vista ambiental e non supoñen efectos ambientais significativos que impliquen a necesidade dun novo trámite de información pública.

O acceso principal á planta durante a fase de explotación realizarase desde a autovía A-54, a cal non é obxecto desta DIA e cuxo trazado discorre ao norte da parcela. Para os accesos durante a fase de obras, o proxecto contemplaba varios accesos provisionais mentres o acceso á autovía A-54 non estivera operativo. Non obstante, o promotor sinala en decembro de 2024 que previsiblemente non será necesaria a apertura deses accesos no momento de construción da planta, xa que polo avance actual das obras da autovía, estímase que estará operativo o enlace de Remonde, permitindo o acceso a través da dita autoestrada.

O prazo previsto para a fase de construción da fábrica é de 33 a 36 meses.

Na seguinte figura móstrase un bosquexo coa configuración final do proxecto.





1.4. Localización e principais elementos ambientais

As instalacións principais, nas cales se desenvolverá o proceso produtivo, localizaranse no termo municipal de Palas de Rei (Lugo), nas seguintes coordenadas (UTM ETRS89, Fuso 29): x=583.526; y=4.746.182.

Non obstante, a planta industrial require dunha serie de infraestruturas auxiliares (conducións de captación de auga, conducións de vertedura, liña de subministración eléctrica e accesos temporais), que se estenden polos terreos doutros municipios.

A traza correspondente ás conducións de captación e vertedura percorre os termos municipais de Palas de Rei (Lugo), Santiso (A Coruña) e Agolada (Pontevedra).

No que respecta á liña eléctrica de 15 kV, o tramo inicial con orixe na planta industrial localízase no municipio de Palas de Rei (Lugo), para a continuación percorrer os municipios de Santiso e Melide (A Coruña), polos que discorre a maior parte do seu percorrido.





De acordo co indicado anteriormente, a planta proxectada asentarase sobre parcelas situadas no extremo oeste do termo municipal de Palas de Rei, nunha área lindeira co municipio de Santiso. Trátase de terreos caracterizados por unha topografía de pendentes suaves e relevo alombado, entre os pequenos vales dos ríos Seco e Pambre, afluentes do río Ulla. Nos ditos terreos a cobertura predominante correspóndese coa asociada ao agrosistema de tipo extensivo, ao agrosistema intensivo (superficies adicadas ao cultivo acompañadas dun mosaico agroforestal e plantacións forestais) e á de matogueiras e rochedos. Polo norte, os terreos quedan delimitados polo trazado da autovía A-54.

En canto ás infraestruturas de captación e de vertedura, estas sitúanse cara o suroeste da planta, nunha zona caracterizada polo relevo suave e amplos cumios, predominando as masas forestais produto da repoboación intercaladas entre superficies de prados e cultivos. Os arboredos, constituídos por especies de frondosas autóctonas, presentan unha marcada predominancia na ribeira sueste do encoro de Portodemouros, así como nas beiras dos cursos fluviais presentes no ámbito do proxecto, e en menor medida formando manchas dispersas. Nos vales, os prados dispostos ao redor dos núcleos rurais forman unha paisaxe en mosaico, con parcelas con peches tradicionais mediante balos ou sebes, e nas que a estrutura parcelaria tradicional vese alterada polo proceso de concentración parcelaria.

En canto á liña de subministración eléctrica, o seu percorrido discorre principalmente por vías públicas locais, con orixe na subestación sita no lugar do Carballal, para continuar cerca do núcleo urbano de Melide, ao que bordea polo sur ata cometer polo oeste á parcela da fábrica. A cobertura vexetal presente no trazado desta infraestrutura está composta principalmente por un mosaico con predominancia das parcelas adicadas a usos agrícolas e áreas con plantacións forestais de coníferas e eucaliptos. En menor medida, destaca a presenza de matogueiras e o bosque autóctono asociado ás zonas de ribeira.

No que respecta á paisaxe, o proxecto localízase na grande área paisaxística Galicia Central, concretamente na comarca paisaxística de Terra de Melide-Arzúa, e próxima no seu extremo oeste á comarca paisaxística denominada A Ulloa.

A área de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próxima é a AEIP-07-17 Castelo de Pambre, a cal limita ao sur cos terreos da parcela afectada pola actuación. O punto de vertedura no río Ulla, situado augas arriba do encoro de Portodemouros, atópase no ámbito da AEIP-07-16 Mourazos e Monte de San Xurxo. A unha distancia aproximada de 1 km cara ao norte discorre o Camiño de Santiago (Camiño Francés), compartindo trazado co sendeiro PGR-65 (Camiño de Santiago).

Desde o punto de vista hidrolóxico e segundo o informado polo órgano de bacía, a zona obxecto do proxecto pertence á Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, concretamente intégrase no sistema de explotación N° 5: *Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita)* do plan hidrolóxico vixente. A hidroloxía superficial da área máis próxima sobre a que se asentan as instalacións produtivas caracterízase pola presenza das canles fluviais correspondentes ao río Seco (ao oeste e lindeiro en parte do seu percorrido coa parcela), o rego da Chancela (ao este) e o río Ulla (ao sur). Non obstante, a hidroloxía presente no ámbito do proxecto, considerando as infraestruturas auxiliares, complétase con outros elementos pertencentes ao dominio público hidráulico (DPH) e presentes no contorno, como o encoro de Portodemouros, o río Catasol, o río Furelos, o rego de Bemil, o rego do Porto e unha serie de canles innominadas. En relación coas masas de auga subterráneas, as instalacións localízanse sobre a masa de auga denominada Ulla (014.005), e no que respecta ás zonas





inundables, o ámbito das actuacións non está afectado por ningunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI) delimitada polo organismo de bacía.

No que atinxe aos hábitats de interese comunitario, as prospeccións levadas a cabo polo promotor e informadas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural (DXPN), no ámbito das instalacións principais e das conducións de captación e vertedura, identificáronse os seguintes hábitats de interese comunitario, dos cales os indicados cun (*) teñen a consideración de prioritarios: 4020* Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*; 4030 Queirogais secos europeos; 6220* Zonas subestépicas de gramíneas e anuais do *Thero-Brachypodietea*; 6430 Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino; 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do *Sedo-Scleranthion* ou do *Sedo albi-Veronicion dillenii*; 91E0* Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (*Alno-Padion*, *Alnion incanae*, *Salicion albae*); e 9230 Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

No referente á traza correspondente á liña eléctrica de 15 kV, de acordo ao informado pola DXPN non se desenvolve directamente sobre hábitats de interese comunitario, senón sobre vías existentes e de forma soterrada na ZEC Serra do Careón. Así mesmo, o tramo aéreo discorre fóra do ámbito do referido espazo protexido.

De acordo co estudo de impacto ambiental, o ámbito do proxecto correspóndese coa posible área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas: en canto á flora *Armeria merinoi* (E), *Centaurea janeri* subs. *Gallaecica* (V), *Eryngium viviparum* (E), *Fontinalis squamosa* (V), *Leucanthemum gallaecicum* (E), *Narcissus asturiensis* (V), *Santolina Melidensis* (E), *Spiranthes aestivalis* (V) e *Santolina semidentata* (V), en canto a invertebrados *Elona quimperiana* (E), *Geomalacus maculosus* (V), *Margaritifera margaritifera* (E), *Macromia splendens* (E) e *Unio pictorum* (V), en canto a peixes *Gasterosteus gymnuris* (V), en canto a anfibios *Chioglossa lusitanica* (V), *Hyla arborea* (V), *Rana iberica* (V) e *Rana temporaria* (V), en canto a aves *Circus cyaneus* (V), *Circus pygargus* (V) e *Tetrax tetrax* (E) e en canto a mamíferos *Galemys pyrenaicus* (V), *Myotis emarginata* (V), *Myotis myotis* (V), *Rhinolophus ferrumequinum* (V) e *Rhinolophus hipposideros* (V).

* (E) En perigo de extinción; (V) Vulnerable.

Non obstante, os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada ás bases empregadas polo promotor na elaboración do estudo de impacto ambiental para determinar a posible presenza das especies, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise recollida no dito EslA pero que non determina por si soa a súa presenza. O promotor complementou esta información coa realización de traballos de campo, dos que se presentan a modo de resumo as observacións mais relevantes.

En relación a *Tetrax tetrax* non se detectou a súa presenza e de acordo co informado pola DXPN, as citas reflectidas na bibliografía consultada sobre esta especie non están vinculadas á zona de implantación do proxecto.

En canto a outras especies catalogadas, os ditos traballos de campo detectaron dous voos de *Circus pygargus* arredor da lagoa de Quintas, pero sen indicios de nidificación. Por outra banda, a mostraxe acústica de quirópteros detectou a presenza de *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*. En canto aos anfibios, se detectou a presenza da





especie *Rana temporaria* e en relación ao *Galemys pyrenaicus*, os resultados obtidos nos traballos realizados polo promotor non determinaron a súa presenza.

En canto á especie *Margaritifera margaritifera* realizouse unha mostraxe de todo o tramo de interese pola presenza desta especie localizada no río Ulla, cuns resultados que indican que o 98,5% dos exemplares detectados se localizan augas arriba do punto de vertedura en fase de explotación.

No tocante á ictiofauna, realizouse unha recompilación de datos mediante pesca eléctrica no encoro de Portodemouros e no río Ulla, identificando unha ampla presenza de *Micropterus salmoides* (especie invasora) fronte a *Salmo trutta* no encoro, e de *Pseudochondrostoma duriense* fronte aos exemplares de *Salmo trutta* no río Ulla.

No que atinxe ás especies de flora catalogada, o seu estudo centrouse especialmente nos exemplares de *Santolina melidensis*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Armeria merinoi*. No ámbito da planta industrial, os traballos de campo abarcaron a totalidade da superficie, detectando a súa presenza en 6 zonas dentro da poligonal da parcela e 4 zonas fóra deste ámbito, pero lindeiras. Así mesmo, levouse a cabo unha prospección ao longo da traza das conducións de captación e vertedura, delimitándose a súa presenza.

Segundo o recollido na documentación avaliada e o informado pola DXPN, no que atinxe aos espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental recollidos na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, a parcela na cal se localizan a planta de produción é lindeira na maior parte da súa marxe dereita coa ZEC Serra do Careón, declarada polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. De acordo coa zonificación establecida polo Plan Director, a superficie lindeira coa parcela clasifícase como zona 1: Área de protección e zona 3: Área de uso xeral.

As conducións de captación e vertedura atravesan a área delimitada pola dita ZEC, concretamente a zona 1 e a zona 2: Área de Conservación, no cruce sobre o río Furelos. No que atinxe á traza da liña, atravesa a zona 1, a zona 3, e no cruce co río Furelos, a zona 2.

De conformidade co establecido polo artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de patrimonio natural e biodiversidade de Galicia, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.

No que atinxe ás zonas húmidas recollidas no Inventario de humidaes de Galicia, creado polo Decreto 127/2008, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaes protexidos e se crea o Inventario de humidaes de Galicia, na zona de actuación do proxecto están comprendidas a lagoa de Quintas e o encoro de Portodemouros. A lagoa de Quintas linda coa parcela de localización das instalacións produtivas, e intégrase como parte constituínte da ZEC Serra do Careón.

Aos efectos do disposto no Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, o proxecto inclúese na súa maior parte dentro das áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctrica de alta





tensión, segundo o establecido pola Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade autónoma de Galicia en que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.

En canto ao patrimonio cultural, no ámbito do proxecto e na súa contorna localízanse varios elementos patrimoniais, para os cales a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural estableceu diversas medidas e cautelas co fin de evitar posibles afeccións.

No tocante aos elementos patrimoniais, na superficie ocupada polas instalacións de produción, a prospección arqueolóxica levada a cabo polo promotor só achou unha rocha gravada con 11 cazoletas e varios sucus, nomeada como Petróglifo de Tras da Costa (AC27040003), empregada a modo de peche de parcela. Por outra banda, unha parte da parcela, sita na marxe dereita superior, localízase na área de amortecemento do Camiño de Santiago Francés. Fóra da parcela de ocupación, identifícase a existencia dun camiño, que conserva treitos con pavimento de pedra, denominado como Camiño da Rigueira ou de Monte Rubio. Na finca identificada como Zarra da Costa non se puideron revisar os afloramentos existentes, cuestión tida en conta polo órgano competente nesta materia.

No que atinxe aos elementos afectados polas conducións de captación e vertedura, os elementos recollidos son as Mámoas do Monte Barazón (GA15079035 e GA15079041) e o Conxunto de Igrexa parroquial (CR-12), Casa reitoral (AC-39) e o cruceiro de Santaia de Rairíz (CR-12). As gabias destas conducións atravesan o contorno de protección ou discorren polo límite dos ditos contornos, non obstante as gabias localízanse na beira das vías existentes.

En canto á liña eléctrica de 15 kV, identifícanse 24 elementos do patrimonio cultural. O impacto sobre o BIC Camiño de Santiago Francés redúcese respecto do proxecto inicial no que a dita liña presentaba un trazado subterráneo. Polo que respecta ao xacemento Agro da Calzada (GA15046077), a gabia para a instalación da liña proxéctase, no seu punto máis próximo, a 32 m.

2. Consideracións legais e técnicas

2.1. Avaliación de impacto ambiental ordinaria

Como xa se indicou anteriormente, o proxecto está incluído no Grupo 5) apartado e) do anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que de acordo co establecido no artigo 7.1.a) da dita lei, será obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O promotor encadra o proxecto no dito apartado do anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, e consta no expediente a súa solicitude de inicio do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Por todo o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria.





2.2. Resumo da tramitación ambiental. Resumo do resultado do trámite de información pública e das consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas

Greenfiber, SL presentou o 30.11.2022 ante a entón Secretaría Xeral de Industria da antiga Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación a solicitude para a declaración como proxecto industrial estratéxico (PIE) do proxecto denominado Gama dunha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa, nos concellos de Palas de Rei (Lugo), Melide e Santiso (A Coruña) e Agolada (Pontevedra).

A declaración como proxecto industrial estratéxico (PIE) produciuse mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.12.2022.

Mediante o Anuncio do 20 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral de Industria, sometéronse a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada (AAI), o estudo de impacto ambiental (EslA), a declaración de utilidade pública e o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, SL e declarado proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2022, que se vai implantar no concello de Palas de Rei.

Asi mesmo, a dita secretaria xeral efectuou, de forma simultánea á información pública, o trámite de consultas ás Administracións públicas afectadas e persoas interesadas sobre o EslA e a restante documentación legalmente esixida.

Na seguinte táboa figura a relación de órganos consultados durante o dito trámite, sinalando cun X aqueles dos que se recibiu resposta:

Relación de consultados	Respostas
Dirección Xeral de Emerxencias e Interior	x
Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal	x
Dirección Xeral de Defensa do Monte	x
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	x
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural (Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias)	x
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica	x
Axencia Turismo de Galicia	x
Axencia Galega da Industria Forestal	x
Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias)	x
Augas de Galicia	x
Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (Subdirección Xeral de Cambio Climático e da	x





Ordenación do Litoral)	
Dirección Xeral de Saúde Pública	x
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade (Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular e Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental)	x
Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)	x
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	x
Instituto de Estudos do Territorio (IET)	x
Concello de Melide	x
Concello de Santiso	x
Concello de Agolada	-
Concello de Palas de Rei	x
Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais	x
Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía, Industria e Innovación	x
Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Industria e Innovación	x
Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Industria e Innovación	x
Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)	x
Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia	x
Deputación de Pontevedra	x
Deputación da Coruña	x
Deputación de Lugo	x
Sociedade Galega de Historia Natural	x
Federación Ecoloxista Galega	x
Sociedade Galega de Ornitoloxía	x

Cómpre indicar que no caso do Concello de Agolada, rexistrouse unha alegación ao proxecto que foi tratada como tal e respondida polo promotor.

Así mesmo, como resultado desa dispoñibilidade para a participación pública, consta no expediente achegado polo órgano substantivo a presentación de aproximadamente 27.000 alegacións.

O 07.02.2025 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, de cara a formular a declaración de impacto ambiental.





O 12.02.2025 e o 25.02.2025 o órgano substantivo achega a esta dirección xeral documentación adicional do expediente ambiental do proxecto.

O 20.02.2025, estando en curso a análise técnica do expediente e á vista do seu contido, o órgano ambiental efectuou unha solicitude de emenda de documentación ao órgano substantivo en relación con diversos aspectos, que foi atendida pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético o 28.02.2025, o 04.03.2025 e o 05.03.2025.

2.3. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA) e a súa addenda, o documento técnico do proxecto, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e a documentación complementaria.

A continuación, resúmense exclusivamente os informes dos órganos consultados que avalían aspectos ambientais do proxecto e non se inclúen os que carecen de contido ambiental, polo que quedan excluídos do ámbito desta DIA.

En relación a estes últimos, trátase de informes relativos a afeccións no ámbito das competencias dos órganos consultados, tales como zonas de concentración parcelaria, infraestruturas da súa titularidade (rede de estradas estatais, autonómicas e provinciais), dereitos mineiros, instalacións eléctricas e enerxéticas existentes, así como sobre os requisitos de carácter legislativo en materia de almacenamento de produtos químicos, de seguridade industrial, de instalacións eléctricas, aparellos a presión e contra incendios e instalación de combustibles.

En consecuencia, en canto aos ditos informes con contido ambiental emitidos na fase de consultas, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante o risco de accidentes graves ou catástrofes, estima que a vulnerabilidade é media e que as medidas correctoras e protectoras contempladas se consideran correctas.

- A Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite os informes sectoriais dos seus servizos provinciais de Montes en base as súas competencias relativas, entre outras, a montes veciñais en man común (MVMC), montes de titularidade pública ou de xestión pública, expedientes de subvencións, montes certificados, montes con proxecto de ordenación ou documento simple de xestión aprobados, masas de valor especial, parcelas de experimentación ou masas selectas ou rodais selectos.

O Servizo de Montes de Lugo informa favorablemente ao igual que o Servizo de Monte da Coruña que sinala que informa favorablemente o proxecto desde o punto de vista forestal. Pola súa banda, o Servizo de Montes de Pontevedra sinala que o encoro de Portodemouros é empregado habitualmente polas aeronaves de extinción de incendios forestais, polo que é necesario o informe da Dirección Xeral de Defensa do Montes.





—A Dirección Xeral de Defensa do Monte informa favorablemente a realización do proxecto, condicionado ao cumprimento do establecido na Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e fai referencia ao mantemento permanente da operatividade das infraestruturas forestais (pistas, devasas, depósitos contra incendios forestais, etc.).

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, no seu primeiro informe, sinala unha serie de cuestións que considera que deben ser emendadas en relación á avaliación de impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural e para as que o promotor, como contestación, achega diversa documentación.

Nun segundo informe, esa dirección xeral indica que durante o proceso de análise do proxecto o órgano asesor da UNESCO en materia de patrimonio cultural, ICOMOS-España, recomendou levar a cabo unha avaliación de impacto patrimonial na que se analizasen en profundidade os impactos, sobre todo desde o punto de vista visual e da súa apreciación, se estudasen alternativas e se propuxeran medidas de mitigación. Tendo en conta a relevancia de ICOMOS-España e da propia UNESCO na protección dos bens da lista do Patrimonio Mundial, a DXPC considerou prudente agardar as conclusións do estudo antes de emitir un pronunciamento definitivo.

Na súa resposta, o promotor achega documentación complementaria e comunica que non vai a utilizar os accesos temporais. Ademais, presenta unha nova configuración da liña eléctrica, para o cal achega o documento *"Anexo II - "Memoria de Evaluación del Impacto sobre el Patrimonio Cultural de línea de 15 KV"*, de decembro de 2024. O promotor, considerando a sensibilidade na avaliación dos potenciais impactos sobre elementos inscritos na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO, achega diversa documentación, tal é o caso do Camiño de Santiago Francés para o que achega os documentos *"Evaluación de Impacto Patrimonial (EIP) del Proyecto GAMA - Fábrica de Fibras Textiles a base de Celulosa en la zona de amortiguamiento del Camino de Santiago Francés y Primitivo en Palas de Rei (Lugo, Galicia)"*, de decembro de 2024 e *"Evaluación de Impacto Visual del Proyecto GAMA sobre el Entorno"*, de outubro de 2024. Ademais, engade os estudos relativos á dispersión de contaminantes atmosféricos, olores e ruído elaborados en base aos requirimentos dos organismos competentes nesas materias.

En base á documentación achegada, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un informe definitivo no que nas súas consideracións legais e técnicas sinala que o Consello Asesor dos Camiños de Santiago analizou o proxecto na súa sesión do 02.04.2024.

Neste informe definitivo, expón a valoración que o promotor fai da incidencia da actuación sobre o patrimonio cultural, indicando para cada unha das partes constituíntes do proxecto o impacto que se ocasionará sobre o patrimonio cultural. Expón tamén as medidas correctoras de carácter xeral recollidas polo promotor.

A continuación, a dirección xeral desenvolve unha valoración sobre a intervención, abordando as diferentes partes que conforman o proxecto (planta industrial, accesos, captación e verteduras, liña eléctrica de 15 kV) e a afección que a construción e funcionamento do proxecto poden ocasionar sobre o Camiño Francés a Santiago de Compostela. Así,





preséntase a modo de resumo os aspectos considerados da dita valoración para os distintos elementos do proxecto:

- Planta industrial: considera que non é previsible que a construción da planta industrial do proxecto na parcela prevista ocasione impactos significativos sobre ningún ben do patrimonio cultural coñecido. Sinala que unha parte da parcela na que se vai a construír a fábrica localízase sobre a zona de amortecemento do Camiño de Santiago, nunha área na que está prevista a execución das obras de acceso á planta desde a autovía e a plantación de arboredo, intervencións que requirirán autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural. No que atinxe a outros elementos como o Petróglifo de Tras da Costa (AC27040003), considera axeitadas as medidas propostas polo promotor e sinala que este debe garantir a conservación da rocha, a súa documentación e a integración nunha parte pública e visible da nova instalación. Finalmente para a finca identificada como Zarra da Costa, consonte ao sinalado polo promotor, indica a necesidade de avaliar previamente este ámbito.
- Accesos, captación e vertedura: tras expoñer a problemática asociada ao impacto sobre o Camiño de Santiago dos accesos temporais considerados inicialmente, o promotor indica que non vai ser necesario utilizar os accesos temporais propostos, nin realizar intervencións sobre eles, dado os avances das obras da A-54, polo que e non é previsible que se xere un impacto negativo sobre o Camiño de Santiago pero sinala que deberán manterse as medidas preventivas previamente desenvolvidas para o caso de que, por motivos de forza maior ou causas alleas ao promotor, sexa necesaria a súa utilización. No que atinxe á captación de auga e á vertedura dos efluentes, dado que as gabias que aloxan as conducións discorren por vías existentes, non é previsible que se xere impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados no ámbito do proxecto, sempre e cando se cumpran as medidas protectoras e correctoras previstas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural (AIPC) e nos seus anexos. Así mesmo indica a obriga de contar con autorización previa da Consellería de Cultura para a execución das gabias no contorno de protección dos bens do patrimonio cultural catalogados.
- Liña eléctrica de 15kV: coa modificación da liña desaparece o impacto crítico sobre a traza do Camiño de Santiago, así como as afeccións a outros elementos do patrimonio cultural no primeiro tramo de saída da subestación eléctrica. Aos efectos de valorar o impacto sobre o Camiño de Santiago, este organismo ten en conta temporalidade da liña e a localización determinante da SET de Melide no trazado desta. Considera que coa nova proposta non é previsible que se xeren afeccións negativas sobre os bens do patrimonio cultural localizados no ámbito previsto polo proxecto para o trazado da liña eléctrica de 15 kV provisional da obra, sempre e cando se cumpran as medidas protectoras e correctoras previstas na Memoria de avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural achegada en relación a esta infraestrutura.

Indícase que as actuacións que se desenvolvan dentro entre os apoios nº 1 e 2, localízanse no ámbito do BIC do Camiño Francés a Santiago e no contorno de protección do xacemento Agro da Calzada (GA15046077), polo que se require de autorización da consellería competente en patrimonio cultural para executar as actuacións proxectadas, de igual xeito que a construción da gabia no ámbito do





Conxunto de Pazo, hórreo e casa tradicional de Reboredo. Non obstante non se require autorización respecto ao trazado da liña entre os apoios nº 2 e nº 12-PAS, e unha parte da gabia ata chegar a SET da fábrica, debido ao seu carácter soterrado a través de vías existentes.

- Valoración de impactos na fase de funcionamento da actividade: indícase que o funcionamento da fábrica implica a emisión de diferentes substancias, o que pode ter unha incidencia sobre a calidade ambiental e os valores do Camiño de Santiago, polo que compre determinar o seu alcance.

En relación ao Estudo de dispersión atmosférica dos contaminantes xerados pola planta, conclúese que en ningún caso se rexistran valores superiores ao límite/obxectivo establecido na lexislación vixente para ningún dos contaminantes modelados, polo que non existe impacto significativo sobre a calidade do aire a consecuencia do funcionamento da fábrica proxectada.

En relación aos resultados do Estudo de dispersión atmosférica dos olores do Proxecto Gama indican que non é previsible unha afección singular por olores no ámbito do territorio histórico do Camiño de Santiago, resultando similar á medida considerada nos núcleos de poboación do propio territorio.

Indícase que cómpre valorar a posible incidencia da contaminación atmosférica e a acción que determinadas partículas poden producir sobre os materiais sobre os que están construídos os bens patrimoniais debido as interaccións e reaccións fisicoquímicas que se poden desencadear. De ser así, determinarase o alcance desta incidencia así como as medidas protectoras correctoras ou compensatorias a poñer en marcha para corrixir este potencial efecto negativo.

Respecto á conca visual e a percepción visual das infraestruturas na paisaxe, indícase que o estudo incluído coa documentación identifica unha serie de puntos nun percorrido de 15 km desde os que sería visible a planta, maioritariamente a cheminea, pero que non se achegan medidas correctoras concretas, senón de tipo xenérico como a implantación de barreiras ou pantallas visuais, paneis ou dispositivos semellantes, así como masas arbóreas, pero sen unha proposta concreta de onde e como se instalarán. Porén, sinalase que na documentación complementaria presentada polo promotor se inclúen unha serie de propostas para minimizar os impactos visuais que deberán ser tidas en conta e aplicarse na súa integridade de forma conxunta coas medidas propostas polo promotor na documentación inicial.

A dirección xeral, á vista da documentación presentada polo promotor, dos estudos incorporados á mesma e da análise e valoración dos seus servizos técnicos, chega ás seguintes conclusións e consideracións:

1. Informa favorablemente a planta industrial por estar fóra do territorio histórico do Camiño de Santiago e a súa área de amortecemento (agás un pequeno fragmento que se converterá nun bosque frondoso autóctono), condicionado ao cumprimento das medidas preventivas e correctoras propostas nos diferentes documentos aportados. Este pronunciamento realízao coas condicións da valoración técnica en relación a afeccións relativas ao Petróglifo de Tras da Costa, o Camiño da Rigueira e





a actuación de acceso á planta situada na área de amortecemento do Camiño de Santiago, para as cales se indica unha serie de consideracións que se recollen no condicionado.

2. Informa favorablemente as gabias de captación e vertedura, xa que se considera que non é previsible que se xere impacto sobre os bens do patrimonio cultural localizados no ámbito do proxecto, sempre e cando se cumpran as medidas protectoras e correctoras previstas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural achegada e os seus anexos. Non obstante, en base ao establecido nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, sinala que a execución das gabias no contorno de protección dos bens do patrimonio cultural catalogados precisará autorización previa da consellería con competencias en materia de patrimonio cultural. Este pronunciamento realízao coas condicións da valoración técnica en relación a afeccións relativas ás Mámoas do Monte Barazón, o Conxunto parroquial de Reiriz e á maquinaria e medios auxiliares para a execución das gabias, para as cales se indica unha serie de consideracións que se recollen no condicionado.

3. Indícase que tal e como sinala o promotor, non se executarán os accesos, pero que non obstante, se por motivos de forza maior ou causas alleas ao promotor, fose necesaria a utilización dos accesos temporais, deberán manterse as medidas preventivas previamente desenvolvidas nos documentos achegados relativos a estes, que en todo caso precisarían da autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4. Informa favorablemente a liña eléctrica de 15 kV cos condicionantes e medidas correctoras de carácter xeral e outras de carácter específico establecidas no apartado 9 da memoria de avaliación de impacto. O carácter favorable do informe desta instalación está condicionado ao seu desmantelamento, unha vez rematada a fase de obras do proxecto. Ademais, con anterioridade ao inicio das obras da liña o promotor achegará, para súa autorización, o proxecto construtivo desta instalación.

5. Indícase que unha vez aprobado o proxecto industrial estratéxico e con anterioridade ao inicio das obras, o promotor presentará, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un proxecto de control arqueolóxico axustado ao previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta actuación desenvolverase observando unha serie de determinacións que se recollen no condicionado desta DIA.

En relación aos efectos indirectos recollidos na documentación achegada polo promotor, a dita dirección xeral realiza unha serie de apreciacións sobre diversos aspectos:

- En relación á paisaxe fóra da zona de amortecemento, a dirección xeral considera que á vista dos informes incorporados á documentación presentada pola empresa é esixible un tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción na distancia dos elementos instalados e construídos. As actuacións que se fagan no territorio histórico do Camiño Francés, derivadas das medidas correctoras de integración paisaxística e apantallamento vexetal nos puntos con relación visual directa coa planta, propostas pola empresa nos distintos documentos presentados,





reflectiranse nun proxecto que se achegará para a súa autorización preceptiva por esa dirección xeral. Así mesmo, indícase que se terá en conta a riqueza paisaxística do territorio histórico do Camiño de Santiago e a súa zona de amortecemento en diálogo cos axentes económicos, culturais, ambientais e sociais da zona, toda vez que se trata dun ben de interese cultural Patrimonio Mundial.

- En relación ao ruído e o olor, indícase que a competencia sobre esas variables é propia doutros departamentos e que se deberá acreditar que os valores están por debaixo dos limiares legalmente establecidos. Resáltase a importancia do cumprimento destes valores dada a consideración do Camiño de Santiago como ben do Patrimonio Mundial.
- En relación ás medidas de control e redución de emisións previstas polo promotor, sinalase que se deberá ter en especial consideración a non produción de danos nos bens patrimoniais.

- A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica sinala no seu primeiro informe que as augas residuais do proxecto se verten ao río Ulla, que desemboca na ría de Arousa, sendo esta a máis importante en canto ao número de establecementos e produción acuícola de toda Galicia, achegando a continuación datos da actividade tanto de acuicultura como pesqueira e marisqueira na dita ría. Conclúe que non parecen previsibles impactos no sector, tendo en conta que as instalacións e os establecementos de produción acuícola están situados a máis de 70 km en liña recta. Non obstante, sinala que se deben avaliar os posibles riscos no caso de incidentes como fallos nos sistemas de depuración e as medidas protectoras e correctoras a aplicar.

Ademais, establece que as actuacións do proxecto deben resultar compatibles coa Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2006, do 11 de decembro, que establece como finalidades, entre outras, protexer, conservar e rexenerar os recursos mariños e os ecosistemas.

En resposta ao dito informe, o promotor aclara que no EsIA do proxecto identificouse e avalíouse o potencial impacto derivado da contaminación das augas e a afección á hidroloxía, concretamente a diminución ou deterioro da calidade das augas, procedendo á identificación e valoración dos seguintes supostos: procesos de acidificación, contaminación química, contaminación orgánica, salinización, incremento da temperatura e outros efectos.

Así mesmo, sinala que un dos aspectos incluídos no estudo de vulnerabilidade do proxecto realizado para a tramitación da avaliación de impacto ambiental é unha análise da posible rotura das tubaxes de captación e/ou vertedura como un dos riscos identificados do proxecto. No caso da tubaxe de captación, sinala que sería auga limpa que se traslada desde Portodemouros á planta e no caso da tubaxe de vertedura sería auga residual tras o seu tratamento na ETARI prevista. Indica tamén que tivo en conta na dita análise a presenza na zona da ZEC Serra do Careón. Finalmente, sinala que as actuacións do proxecto serán compatibles coa Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, de 11 de decembro, cuxa finalidade é a de protexer, conservar e rexenerar os recursos mariños e os seus ecosistemas.

Á vista do anterior, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica emite informe definitivo no que indica que, analizada a documentación, tendo en conta que a





empresa sinala de xeito expreso que levou a cabo a avaliación dos posibles riscos e a planificación das medidas correctoras segundo o requirido no seu anterior informe e que, do mesmo xeito, manifesta que as actuacións levadas a cabo no seo do proxecto serán compatibles coa Lei 11/2008, do 3 de decembro, non atopa inconveniente algún que impida continuar coa tramitación do proxecto, sen prexuízo do xeral deber de cumprimento da normativa sectorial que resulte aplicable en cada momento.

- A Axencia Turismo de Galicia sinala nun informe inicial que a documentación presentada polo promotor non inclúe un documento específico dos posibles impactos sobre os elementos con valor turístico da zona, aínda que conta cun anexo dedicado ao diagnóstico ambiental e unha memoria do medio socioeconómico e paisaxe, nas que se aborda o tema e en base ao que emite o seu informe.

Indica que da análise da documentación se desprende que as principais interferencias que a instalación podería xerar sobre o desenvolvemento turístico serían as derivadas do impacto visual, impacto sobre a saúde humana pola emisión de po e gases e emisións de ruído.

Inclúe os elementos de interese turística da contorna e a análise que destes se fai na documentación. Entre os recursos turísticos considerados, atópanse os espazos protexidos (destacando a ZEC Serra do Careón), as áreas de especial interese paisaxístico, os roteiros e sendeiros, o patrimonio cultural e etnográfico, o patrimonio arqueolóxico (entre os que se poden destacar o Agro da Calzada e o Camiño de Santiago), patrimonio relixioso, arquitectónico e etnográfico, os bens de interese cultural (o máis próximo é o Castelo de Pambre), o Camiño de Santiago e outros puntos de interese turístico (aloxamentos turísticos e de turismo rural, campamentos, establecementos hoteleiros, espazos naturais, área recreativa), tamén se tiveron en conta festas, eventos e manifestacións culturais.

Finalmente, conclúe que analizada a documentación, o acceso do proxecto a través da ZEC Serra do Careón podería provocar un impacto. Ademais, considera elevado o impacto sobre o Camiño de Santiago, Castelo de Pambre e Castro de Remonde e que non se concreta se coas mellores técnicas dispoñibles (MTD) a aplicar, os cheiros derivados das emisión á atmosfera son tolerables pola poboación e polo turismo. Ademais, non se realiza a análise das posibles repercusións do proxecto sobre o sector na zona e considera que o impacto pode ser suficientemente significativo e que debería ser analizado desde o punto de vista paisaxístico, ambiental e da saúde humana, para unha visión máis completa. Finaliza engadindo unha serie de medidas preventivas, correctoras e de vixilancia ambiental que se deben ter en conta ademais das previstas no EslA.

Como resposta ao anterior, o promotor envía un escrito no que aclara as cuestións formuladas pola Axencia Turismo de Galicia e xunta os anexos seguintes: *Anexo I: Evaluación del impacto socioeconómico del Proyecto GAMA; Anexo II.1: Evaluación de impacto del Proyecto GAMA en la zona de amortiguamiento del Camino de Santiago Francés. Anexo II.2: Evaluación de Impacto Visual. Anexo III: Análisis de visibilidad de las instalaciones. Anexo IV: Diseño del cinturón perimetral y medidas para minimizar el impacto paisajístico. Anexo V: Estudio de dispersión atmosférica de los contaminantes generados por la planta de fibra textil proyectada en Palas de Rei (Lugo). Anexo VI: Estudio de dispersión atmosférica de los olores generados por la planta de fibra textil proyectada en Palas de Rei (Lugo). Anexo VII: Estudio de impacto acústico relativo al proyecto de implantación de una fábrica de fibras textiles; Anexo VII.1: Mapas de Ruido.*





En relación co impacto das infraestruturas de acceso sobre a Rede Natura 2000, sinala que non está prevista ningunha actuación nos accesos temporais, xa que se espera que o tramo da A-54 Palas de Rei-Melide estea en funcionamento cando comecen as obras.

No que se refire ao impacto sobre o patrimonio cultural, a empresa sinala que no documento *Evaluación de Impacto Patrimonial* se identificaron e caracterizaron os valores do patrimonio, en particular o Camiño de Santiago Francés, a súa zona de amortecementos e os elementos patrimoniais na zona de protección (Castro de Remonde e Castelo de Pambre). Destaca que entre as medidas analizadas conxuntamente coa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural co obxecto de minimizar as afeccións, modificáronse uns 2,5 km do trazado da liña eléctrica de subministración das obras desde a SE Melide, pasando os primeiros 1,5 km de enterrado a aéreo. Deste xeito, xa non será preciso escavar 900 metros coincidentes co trazado principal do Camiño de Santiago. Neste sentido, tamén se realizaron estudos complementarios relativos á avaliación do impacto patrimonial na zona de amortecemento do Camiño e sobre o impacto visual (que lle achegan á Axencia Turismo de Galicia como anexo II).

En relación coas emisións á atmosfera e os niveis acadados co cumprimento das MTDs, aclara que ademais de cumprir coa normativa, as concentracións de contaminantes estarán dentro dos rangos indicados polas MTDs, que se actualizaron os valores límite de emisión asociados aos equipos, e tendo en conta a realización dun estudo de viabilidade do cumprimento dos valores máis baixos do rango NEA-MTD e a actualización do estudo de dispersión, obsérvase unha redución das concentracións de fondo causadas pola fábrica, cumprindo os VLE legais e determinando que o impacto non é significativo sobre a calidade do aire. Tamén aclara que dentro do plan de vixilancia se establece un programa de xestión de olores e como o levará a cabo. Achégalle como anexos á Axencia Turismo de Galicia os estudos efectuados neste sentido.

En canto ao impacto sobre o sector turístico e a identificación e avaliación dos potenciais impactos sobre os elementos deste sector, aclara que se analizaron, desde distintas perspectivas no EsIA, nos estudos sobre o impacto socioeconómico, sobre o patrimonio cultural, sobre o impacto paisaxístico e que se estableceron unha serie de medidas preventivas, correctora e compensatorias nos distintos documentos técnicos das diferentes especialidades.

Tendo en conta a documentación elaborada polo promotor, a Axencia Turismo de Galicia emite un informe definitivo no que conclúe que analizada a documentación remitida en contestación ao seu informe previo, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito do turismo, considera que a información adicional proporcionada aborda adecuadamente os aspectos recollidos no seu informe anterior e informa favorablemente. Tamén engade que aparte das medidas previstas na documentación presentada, en canto ás medidas preventivas, correctoras e de vixilancia ambiental, deberán terse en conta unha serie de medidas relacionadas coa visibilidade desde os establecementos turísticos, as rutas e patrimonio megalítico e a súa posta en valor, a temporalidade das obras, a localización das instalacións auxiliares, o paso de vehículos, a afección a roteiros e carreiros e o plan de vixilancia.

- A Axencia Galega da Industria Forestal conclúe no seu informe que, á vista dos datos obtidos a través das series históricas do Inventario forestal nacional e do Inventario forestal continuo de Galicia, participados polas escolas forestais de enxeñaría das Universidades de Vigo e Santiago de Compostela, as necesidades de consumo de recursos madeiros por





parte do proxecto poderán ser satisfeitas tendo en conta as tendencias futuras de superficies que entrarán en fase de corta final nos vindeiros anos.

- A Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias (Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias) analiza nun primeiro informe os efectos do proxecto na agricultura e gandería e indica que ocupará unha superficie na que agora predominan actividades do sector primario, pero non considera previsibles afeccións significativas polas servidumes e ocupacións temporais. Non obstante, sinala a incidencia que podería ter a demanda do eucalipto sobre as explotacións agrícolas e gandeiras, así como as posibles afeccións derivadas das emisións atmosféricas, afeccións dos cheiros, a paisaxe industrial e o seu efecto negativo sobre a imaxe dos alimentos producidos na contorna, así como a contaminación acústica e os efluentes de vertedura que poderían influír na maior posibilidade de declaración de zona vulnerable á contaminación por nitratos de orixe agraria, entre outros. Finalmente, considera que o impacto será moderado sobre a actividade agrícola e gandeira dos concellos afectados.

En resposta ao informe da dirección xeral, o promotor presenta un escrito ao que xunta os seguintes anexos: *Anexo I: Estudio de dispersión atmosférica de los contaminantes generados por la planta de fibra textil proyectada en Palas de Rei (Lugo). Anexo II: Estudio de dispersión atmosférica de los olores generados por la planta de fibra textil proyectada en Palas de Rei (Lugo). Anexo III: Informe de Axencia Galega de Industria Forestal.*

No escrito, o promotor aclara que se realizou un estudo do medio socioeconómico e que a información está incluída na documentación do EsIA, no que se analizan diversos aspectos relacionados co sector primario, especificando os apartados do EsIA onde se analiza e o método de análise empregado. Achega información en relación coa utilidade pública do proxecto e a súa declaración como proxecto industrial estratéxico. Tamén amplía a información en relación coa demanda de eucalipto, achegando datos de exportación e sinalando que se empregará eucalipto existente e/ou excedentario que na actualidade se comercializa fóra de Galicia por falta de mercado interior, polo que non será preciso incrementar as plantacións e que aplicará pautas de compra responsable na adquisición de madeira de explotacións forestais certificadas.

O promotor aclara como realizou a análise efectuada no EsIA respecto dos derivados dos óxidos de nitróxeno e xofre e sinala que actualizou os VLE asociados e o estudo de viabilidade de cumprimentos dos valores máis baixos do rango NEA-MTD, así como a actualización do estudo de dispersión. Sinala, entre outros aspectos, que o tratamento previo dos gases garantirá que, para a totalidade dos parámetros, as concentracións estean no rango das mellores técnicas dispoñibles. Coa altura de 75 m para a cheminea garátese que non se afectará á saúde humana ou ao medio ambiente e que en ningún caso se superarán os valores límite/valores obxectivo establecidos no Real Decreto 102/2011, de 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire para ningún dos contaminantes modelizados en ambos escenarios (situación normal e de emerxencia). Tamén aclara, en relación cos olores, que se realizou un estudo predictivo de dispersión de olores para a estimación das curvas de isoconcentración de olores, con especial interese nos núcleos poboacionais próximos para mellorar o Plan de Xestión de Olores e as medidas de prevención e mitigación da xeración de olores que deberá presentarse, e que os focos significativos de xeración de gases olorosos serán captados para ser reutilizados no proceso de xeración de enerxía. En canto á calidade acústica, avalíouse no EsIA e concluíuse que non son previsibles niveis que superen os límites. Tamén amplía información en relación co posible incremento





de nitratos nos puntos de control da calidade das augas, reseña a proposta de VLE actualizadas e que se teñen introducido melloras importantes que supoñen reducir os VLE de Ntotal e Ftotal, co obxecto de reducir a cantidade de nutrientes na canle receptora e que tamén conta cun programa de vixilancia ambiental durante a operación da planta na que se monitorizará a calidade das augas.

No informe definitivo, a Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias indica que á vista da nova documentación achegada polo promotor para dar resposta a ámbitos analizados noutros informes sectoriais, en concreto aos referidos á calidade das augas, efluentes, emisións de distintos tipos de gases, cheiros, etc., considera contestadas neses mesmos informes sectoriais as súas consideracións iniciais e non ven preciso facer outras indicacións.

En relación coa demanda de eucalipto, consideran suficientes as explicacións dadas nas que se indica que existe produción de madeira de eucalipto para fornecer a esta industria que se abastecería das existencias que neste momento se comercializan no exterior e que, por tanto, non provocaría un incremento da superficie dedicada a eucalipto en Galicia. Tamén se refire ao informe da Axencia Galega da Industria Forestal, que incide nestas cuestións e reforza os argumentos do promotor.

En relación co uso de lodos de depuradora, considérase aclarado o destino dos lodos, ao sinalar o promotor que se realizará a súa entrega a un xestor autorizado e a valorización destes, unha vez tratados, conforme á lexislación vixente.

Por tanto, tendo en conta os informes emitidos consideran probado que non hai unha incidencia apreciable ou que non condiciona a actividade agrogandeira da zona.

- Augas de Galicia informa sobre os elementos da rede fluvial grafada no ámbito do PIE codificados no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC), lista as zonas protexidas incluídas no Catálogo de zonas Protexidas do PHGC no ámbito concreto do proxecto, na súa contorna e augas abaixo da rede fluvial afectada, conclúe que o ámbito da actuación non está afectado por ningunha Área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) delimitada por ese organismo e inclúe unha serie de obrigas normativas e legais que lle son de aplicación.

Así mesmo, recolle os cruzamentos das actuacións proxectadas co dominio público hidráulico (DPH) e os requisitos construtivos que deben cumprir.

En relación co abastecemento, refire o recollido no proxecto sobre as necesidades de auga potable, auga para abastecemento industrial e informa que o promotor solicitou unha concesión para a captación de auga do río Ulla, en concreto no encoro de Portodemouros.

Informa sobre as concesións de abastecementos municipais dos concellos de Palas de Rei e Melide, así como sobre concesións de augas inscritas dentro do ámbito xeográfico da parcela principal do PIE (ningunha delas a nome do promotor do proxecto), e sinala novamente unha serie de obrigas normativas e legais que lle son de aplicación.

En relación cos aproveitamentos hídricos, recolle as captacións que lle constan no Libro de Rexistro de Augas de Galicia no ámbito de actuación, indicando tamén as obrigas normativas e legais que lle son de aplicación.





A continuación, recolle un extracto do informado pola Área de Calidade das Augas, pola Área de Verteduras e polo Servizo de Programación e Planificación Hidrolóxica en relación a todo o que se refire ás características da vertedura e as medidas correctoras que se deben adoptar co fin de preservar o bo estado ecolóxico das augas.

En primeiro lugar, a Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia recolle unha serie de consideracións legais e técnicas, entre as que se inclúen a normativa e lexislación en materia da calidade das augas e normas derivadas da existencia de determinadas figuras de protección na zona de vertedura, co fin de que se cumpra cos obxectivos medioambientais, tamén nas augas subterráneas, e non se superen os limiares para a Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

En relación coas masas superficiais e subterráneas no ámbito das instalacións, sinala a valoración do estado segundo o PHGC e os obxectivos medioambientais (OMA), as zonas protexidas próximas, as estacións de control dos programas de control das masas de auga existentes e as presións identificadas na avaliación do risco de masas superficiais do PHGC.

En relación coas augas superficiais receptoras da vertedura, indica que é necesario realizar un modelo de simulación numérico de calidade para demostrar que a vertedura dá cumprimento ao establecido no Real Decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, unha vez incorporada a vertedura ao medio, co fin de verificar se o río Ulla é capaz de asimilalo, así como ver a posible afección no embalse de Portodemouros que está augas abaixo, e establece unha serie de requisitos que debe cumprir o modelo.

Pola súa banda, no extracto do informe emitido pola Área de Verteduras de Augas de Galicia solicita que o promotor efectúe unha serie de aclaracións e/ou modificacións en relación con certos aspectos en materia de verteduras, relacionados principalmente cos caudais de vertedura das augas residuais tratadas na ETARI e na EDAR, caracterización físico-química das augas residuais depuradas en ambos casos, xustificación dos cálculos detallados e das capacidades de depuración, descrición detallada dos tratamentos propostos e das instalacións de depuración, xestión das augas residuais, xustificación do cumprimento no efluente dos niveis de emisión establecidos nas MTDs e cronograma de actuacións.

Tamén recolle o informado polo Servizo de Programación e Planificación Hidrolóxica de Augas de Galicia, transcribindo os aspectos máis relevantes do mesmo. Analízanse as actuacións propostas en relación ao cumprimento dos obxectivos xerais da planificación hidrolóxica establecidos no Texto Refundido da Lei de Augas (TRLA), no relativo á posible afección das actuacións ao cumprimento dos obxectivos medioambientais establecidos no PHGC, en relación ao Plan de Xestión de Risco de Inundación (PXRI) e, en particular, no relativo á posible afección das actuacións ás zonas inundables ou zonas de fluxo preferente en ARPSIs.

Para analizar e valorar as posibles repercusións sobre os obxectivos da planificación, cita os obxectivos dispostos no artigo 92 do TRLA, describe a interpretación da expresión "deterioro do estado" das masas de auga superficiais, sinala en relación coas determinacións do PHGC que a contaminación puntual e difusa é un dos principais problemas para acadar a consecución dos OMA e condiciona o uso dos recursos hídricos, ademais de sinalar algúns dos retos que se estableceron na Planificación hidrolóxica 2021-2027 para dar solución a este problema.





En relación coa situación actual das masas de auga e dos cursos fluviais que se poden ver afectados polas actuacións, indica as masas de auga e cursos fluviais existentes, superficiais e subterráneos e recolle a información, en base á última valoración dispoñible, do risco de incumprimento dos obxectivos medioambientais, xunto coas presións responsables para as masas descritas.

Tamén efectúa unha análise e valoración das posibles repercusións das actuacións propostas sobre os obxectivos da planificación hidrolóxica. En relación ao cumprimento dos obxectivos xerais da planificación, considera preciso que se amplíe a información nunha serie de aspectos.

Finalmente, Augas de Galicia conclúe que o promotor debe ampliar e/ou modificar a documentación segundo o indicado en materia de calidade das augas, verteduras e planificación hidrolóxica.

Para dar resposta ao solicitado no informe, o promotor presenta o documento *"Respuesta al informe de Augas de Galicia en relación ao proxecto industrial estratéxico (PIE) fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa"* no que aporta información adicional en relación cos puntos tratados no informe e xunta unha serie de anexos: Anexo I *"Evaluación de la influencia de un nueva vertedura industrial sobre la calidad del Río Ulla"* e Apéndice 1 *"Modelos de balance de nutrientes dentro del embalse de Portodemouros. Afección a los cursos fluviales."*, Anexo II *"Propuesta de medidas compensatorias. Vegetación de Ribera"*, Anexo III *"Monitorización aguas superficiales"*, Anexo IV *"Caracterización físico química y biológica de aguas y sedimentos continentales en el entorno del río Ulla y el embalse de Portodemouros"*, Anexo V *"Afección de la variación de la calidad del agua al estado biológico del río"*, Anexo VI *"Documento justificativo de caudales generados por la Urbanización"*, Anexo VII *Hidromorfología – Situación actual (con 2 archivos excel)*, Anexo VIII *Hidromorfología – Situación con obras (con 2 archivos excel)*, Anexo IX *Plan de vigilancia ambiental Aguas de Galicia*.

En relación coa antedita documentación, Augas de Galicia emite un informe definitivo, no que reitera o sinalado ao respecto da rede fluvial grafada no seu visor, as obrigas normativas e legais que lle afectan a todo elemento que se considere DPH e á necesidade de autorización previa do organismo de cunca ou declaración responsable e ao carácter autorizabile das actuacións a executar na zona de policía de leitos. Tamén reitera o indicado sobre o leito do encoro de Portodemouros e sinala as condicións nas que se deben efectuar os cruzamentos das infraestruturas para as captacións de auga e as súas verteduras e a liña eléctrica.

Dá por boas as explicacións do promotor en relación coa non execución de defensas elevadas continuas (camallóns) que eleven o borde da chaira aluvial, que non se prevé a cubrición de ningún leiro nin a alteración de ningún trazado dos existentes e que a perforación horizontal dirixida (PHD) sobre o río Furelos se executará conforme ao indicado no seu primeiro informe.

A continuación, Augas de Galicia valora o modelo de simulación de calidade solicitado ao promotor pola Área de Calidade das Augas para demostrar que a vertedura cumpre co RD 817/2015, do 11 de setembro, no medio receptor, unha vez incorporada a vertedura ao medio co fin de verificar se o río Ulla é capaz de asimilalo, así como ver a posible afección ao encoro.





Para avaliar este impacto sobre a masa de auga do río Ulla (ES.014.NR.244.000.02.03), a empresa presenta no Anexo I da documentación o estudo "*Evaluación de la influencia de una nueva vertedura industrial sobre la calidad del río Ulla*", no que se desenvolve un modelo de simulación da calidade da auga para avaliar a posible repercusión da vertedura sobre o estado físico-químico da masa. Sobre esa nova documentación destaca que as características do efluente cambiaron, observándose unha redución dos valores límite de emisión (VLE) con relación aos propostos no proxecto inicial, tanto de nitróxeno total coma de fósforo total, de xeito que o nitróxeno total pasa a 8,5 mgN/L fronte aos 15 mgN/L do proxecto inicial e o fósforo total pasa a 0,5 mgP/L fronte aos 1,86 mg/L do proxecto inicial.

A continuación, aclara unha serie de conceptos entre os que se inclúen a Norma de Calidade Ambiental (NCA), concentración máxima admisible (NCA-CMA) e media anual (NCA-MA) establecidos no RD 817/2015, do 11 de setembro.

Ademais, sinala que para a elaboración do informe realizouse unha comprobación adicional de valoración do estado utilizando os valores diarios dos parámetros de calidade obtidos polo modelo numérico, obtendo *estado bo*, mesmo para ese intervalo de tempo que definimos como o máis vulnerable na serie histórica.

Matiza que a avaliación sobre as potenciais afeccións á masa de auga do encoro de Portodemouros (ES.014.MR.244.000.03.00) avalíase no informe do Servizo de Planificación Hidrolóxica de Augas de Galicia.

Por último, en relación coa alteración dos parámetros de cor, transparencia e turbidez, explícase que a tecnoloxía de ultrafiltración con membranas seleccionada para a ETARI non fai prever alteracións perceptibles ou significativas nos mencionados parámetros de cor, transparencia e turbidez e o promotor deberá ter un plan de mantemento a súa disposición.

A continuación, sinala que se deberá cumprir cos obxectivos ambientais e as normas de calidade ambiental en materia de calidade das augas e para iso é necesario que o promotor leve a cabo un seguimento dos impactos que sobre os obxectivos ambientais e sobre a calidade das augas superficiais e subterráneas poida xerar o proxecto. Para iso, o promotor deberá comprometerse a levar a cabo un Plan de Vixilancia, en coordinación coa planificación hidrolóxica, que deberá ser correctamente orzamentado e cuxo resultado deberá ser comunicado regularmente a Augas de Galicia. Establécese o seu contido e os elementos que o promotor deberá implementar, incluíndo o seguimento dos elementos de calidade físico-químicos, biolóxicos e hidromorfolóxicos.

Conclúe que a empresa deu resposta satisfactoria ao requirido no informe da Área de Calidade de Augas de Galicia e constata a realización dun modelo que verifica que, coa situación con vertedura, dáse cumprimento ao RD 817/2015, do 11 de setembro, no medio receptor, en concreto na masa de auga río Ulla. Establece que o Plan de Vixilancia deberá ter en conta todos os elementos que poidan poñer en risco o cumprimento dos OMAs das masas afectadas polo proxecto, tanto superficiais como subterráneas.

En relación coas verteduras, describe pormenorizadamente como serán xestionadas as augas residuais xeradas no proceso produtivo, incluíndo as augas residuais pluviais potencialmente contaminadas, xeradas nas áreas de proceso, que serán tratadas nunha estación de tratamento de augas residuais industriais (ETARI). Establece unha serie de condicionantes relacionados coa comunicación das datas de diferentes fases das obras, os caudais de vertedura, a localización dos puntos de vertedura e a calidade e control das verteduras





(límites máximos autorizados e periodicidade dos controis para unha serie de parámetros, así como a periodicidade da presentación dos informes e analíticas). Todas estas cuestións serán recollidas na autorización ambiental integrada.

En relación coa planificación hidrolóxica, extracta o contido do informado pola Subdirección Xeral de Planificación do Recursos Hídricos, que analiza as respostas dadas polo promotor e a súa adecuación aos obxectivos da Planificación Hidrolóxica e aos obxectivos medioambientais das masas de auga afectadas.

- No que respecta ao estudo actual da masa de auga do río Ulla (ES.014.NR.244.000.02.03), afectada directamente pola vertedura, o promotor establece a liña base ou estado inicial, achegando o anexo III "*Informe final cuantitativo e cualitativo do río Ulla en Santiso*". En relación coa masa de auga do encoro de Portodemouros (ES.014.MR.244.000.03.0), o promotor avalía no documento Apéndice 1 do Anexo I "*Modelos de balance de nutrientes no encoro de Portodemouros*" as zonas de potencial contaminación difusa e analiza a súa contribución ao río Ulla. A ese respecto o organismo considera que a empresa deu unha resposta adecuada ao requirido en relación co establecemento da liña base ou estado inicial para o establecemento do estado.
- O organismo tamén considera que a empresa deu resposta adecuada ao requirido en relación coa avaliación do potencial ecolóxico da masa de auga río Ulla (ES.014.NR.244.000.02.03) directamente afectada pola vertedura.

De acordo cos resultados dos estudos entregados, os parámetros físico-químicos, biolóxicos e hidromorfolóxicos da masa alcanzarían os límites necesarios para conservar o bo estado actual da masa de auga e ademais considera que:

- A empresa deu resposta adecuada ao requirido en relación coa valoración da potencial da masa de auga encoro de Portodemouros (ES.014.MR.244.000.03.00), xa que se realiza una proposta de medidas mitigadoras adicionais para prever ou evitar o incumprimento dos obxectivos medioambientais.

Estas medidas, baseadas na redución significativa dos parámetros de vertedura de nutrientes e na rexeneración do bosque de ribeira na zona da conca alta do río Ulla e a zona do rego de Abellas na conca do río Arnego, están pensadas para reducir o aporte de nitróxeno e fósforo ao encoro, de tal maneira que na situación futura contando coa vertedura, a cantidade de nutrientes que chegan ao encoro sexa menor que no estado actual.

- En relación ao aumento da superficie urbanizada e o seu impacto sobre o ciclo hidrolóxico da conca do río Ulla (ES.014.NR.244.000.02.03), considérase que as medidas presentadas, como as balsas de laminación e o tratamento de escorras, son tecnicamente adecuadas para minimizar posibles alteracións no réxime de caudais.

Establece unha serie de medidas de cumprimento polo promotor en relación á implementación de elementos de drenaxe urbana sostible (TDUS) e un seguimento exhaustivo no Plan de Vixilancia Ambiental.





- Considera que as medidas de mitigación propostas polo promotor, que inclúen redución dos parámetros de vertedura e a rexeneración do bosque de ribeira, son esenciais para minimizar o impacto do proxecto sobre as masas de auga afectadas.

Estas accións, dirixidas a reducir significativamente as cargas de nutrientes como nitróxeno e fósforo, están aliñadas cos obxectivos ambientais e presentan un potencial claro para mellorar o estado ecolóxico das masas afectadas, particularmente no encoro de Portodemouros.

Considera que a fórmula administrativa que se utilice para a realización das medidas de mitigación propostas polo promotor deberá asegurar a execución efectiva destas, o seguimento da súa efectividade e a adopción de accións correctivas necesarias en caso de que os resultados do Plan de seguimento e vixilancia non se axusten ao esperado.

- O Plan de Vixilancia deberá ter en conta todos os elementos que podan poñer en risco o cumprimento dos OMAs das masas afectadas polo proxecto.

Considera que se debe completar unha serie de cuestións relacionadas co seguimento mensual de indicadores e monitorización de parámetros biolóxicos e hidromorfolóxicos, que serán recollidas na autorización ambiental integrada.

Conclúe a análise sinalando que se deu resposta ao solicitado pola Subdirección Xeral dos Recursos Hídricos.

Tamén sinala que o seu informe analiza as actuacións propostas no ámbito da planificación hidrolóxica, de conformidade co establecido no artigo 37.2.c da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, en concreto:

- En relación ao cumprimento dos obxectivos xerais da planificación hidrolóxica establecidos no Texto Refundido da Lei de Augas, aprobado a través do Real Decreto 1/2001, de 20 de xullo e, en particular, no relativo á posible afección das actuacións propostas ao cumprimento dos obxectivos medioambientais establecidos no PHGC. O PHGC do ciclo 2021-2027 foi aprobado polo Consello de Ministros mediante o Real Decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.
- En relación ao Plan de Xestión de Risco de Inundación (PXRI) e, en particular, no relativo á posible afección das actuacións propostas ás zonas inundables ou zonas de fluxo preferente en ARPSIs. O PXRI da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa do ciclo 2021-2027 foi aprobado polo Consello de Ministros mediante o Real Decreto 27/2023, do 17 de xaneiro.

Finalmente, a subdirección xeral conclúe que as medidas preventivas e correctoras descritas polo promotor son axeitadas e garanten, a priori e sempre que se cumpran todos os condicionantes incluídos nos seus informes, a compatibilidade coa Planificación Hidrolóxica e o cumprimento dos obxectivos medioambientais. Ademais, para garantir a compatibilidade coas normas vixentes e a salvagarda dos obxectivos medioambientais deberán terse en conta as propostas de cambios no Plan de Vixilancia Ambiental e as condicionantes na redacción do proxecto construtivo.





Augas de Galicia finalmente conclúe que as medidas preventivas e correctoras descritas son axeitadas e garanten, a priori e sempre que se cumpran todos os condicionantes incluídos tanto no seu informe definitivo como no inicial, a compatibilidade coa Planificación Hidrolóxica e o cumprimento dos obxectivos medioambientais, non sendo previsible que se poidan causar impactos ambientais significativos sobre o DPH.

- A Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático (Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral) emite un primeiro informe en materia de contaminación acústica e atmosférica.

No ámbito do ruído ambiental estima que o proxecto non supón un risco potencial de causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas protectoras e correctoras previstas. Sinala ademais a importancia de cumprir coa lexislación en vigor durante toda a actividade, incluídas as fases de obra e desmantelamento.

No ámbito da calidade do aire, o informe indica que o estudo de dispersión atmosférica incluído no estudo de impacto ambiental amosa que non se esperan superacións do valor límite de ningún dos contaminantes lexislados no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, para a mellora da calidade do aire. Indica ademais que, tendo en conta a dirección do penacho, as zonas de posible afectación pola actividade son as zonas poboadas máis próximas e a ZEC da Serra do Careón; razón pola que se impón a obriga de que a instalación dispoña de dúas estacións de control da calidade do aire, unha para a protección da saúde humana e outra para a protección da vexetación. Os condicionantes específicos de localización, funcionamento, equipamento e transmisión de información das ditas estacións serán recollidos na autorización ambiental integrada.

No ámbito dos olores, o informe recolle a obriga de que a instalación dispoña dun plan de xestión de olores dentro do seu sistema de xestión ambiental e indica o contido deste segundo a fase do proxecto. As características específicas do plan, das súas revisións e a periodicidade destas serán recollidos na autorización ambiental integrada.

Respecto ao comercio de dereitos de emisións de gases de efecto invernadoiro, o informe sinala as obrigas da empresa respecto á obtención da autorización correspondente conforme á Lei 1/2005, do 9 de marzo, a metodoloxía a seguir no plan de seguimento destas emisións, así como outras obrigas específicas de subministración de información, por atoparse a actividade no ámbito de ampliación da citada lei.

En materia de emisións á atmosfera, ademais de requirir documentación adicional ao promotor, a subdirección xeral cataloga as actividades segundo o disposto na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección á atmósfera, identifica focos de emisións canalizadas e establece plans de vixilancia e monitorización para a actividade en funcionamento. Todas estas cuestións serán recollidas na autorización ambiental integrada.

O promotor presenta un escrito de resposta no que desenvolve as diferentes cuestións formuladas nese primeiro informe e a Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral emite un informe definitivo no que analiza a resposta do promotor, así como a nova documentación presentada.

Neste informe definitivo, ratifícanse no informado previamente respecto ao ruído, á calidade do aire e ao comercio de gases de efecto invernadoiro. Respecto aos olores, reiteran o





informado anteriormente, pero aclaran cales son os focos de emisións que como mínimo se deben ter en conta no plan de xestión de olores solicitado. No que atinxe ás emisións á atmosfera, consideran que o promotor deu resposta ao requirimento de documentación adicional, polo que ademais do recollido no primeiro informe, inclúense os valores límite de emisión que aplican aos focos fixos de emisión.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública indica nun primeiro informe que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica, co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

Efectúa a súa análise tendo en conta a caracterización da poboación en situación de risco, realiza unha identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio e identifica as posibles vías de exposición, valorando se no EsIA se identificaron adecuadamente.

Tras a análise conclúe que falta información sobre unha serie de aspectos relacionados co monitoreo da calidade do aire dos núcleos máis próximos e as medidas correctoras e preventivas no caso de incumprimento da lexislación da calidade do aire. Ao respecto dos olores, solicita unha modelaxe da dispersión atmosférica das instalacións e a realización durante o funcionamento dun seguimento mediante olfatometría dinámica, que se efectúe un estudo de ruídos mediante modelaxe e simulación concretos, sinala os lugares nos que se debe efectuar e a necesidade de establecer as medidas preventivas e correctoras que minimicen os niveis acústicos, así como un plan de vixilancia.

En relación cos verteduras, bota en falta os parámetros característicos dos verteduras e as súas concentracións, tendo en conta a existencia de captacións de augas para consumo humano augas abaixo da vertedura. Indica que os efluentes producidos na fase de obra e de funcionamento deberán ser controlados tanto na planta de tratamento de augas residuais antes do seu vertedura no medio receptor como na tubaxe do efluente do proceso e simultaneamente deberá haber un control no medio acuático receptor.

Como resposta a ese primeiro informe, o promotor presenta un escrito ao que xunta os anexos: *Anexo I -Estudio de dispersión atmosférica de los contaminantes generados por la planta de fibra textil proyectada en Palas de Rei (Lugo). Anexo II - Informe de la Dirección Xeral de Enerxías Renovables e cambio climático. Anexo III - Estudio de dispersión atmosférica de los olores . Anexo IV -Plan de Gestión de olores. Anexo V - Estudio de impacto acústico. Anexo V.a Mapas de Ruido . Anexo V.b Plano de ubicación definitiva de equipos. Anexo V.c Plano distancias a edificaciones residenciales más cercanas. Anexo VI – Respuesta al Informe Aguas de Galicia. Anexo VII – Evaluación de la influencia de un nueva vertedura industrial sobre la calidad del Río Ulla. Anexo VIII – Caracterización físico química y biológica de aguas y sedimentos continentales en el entorno del río Ulla y el embalse de Portodemouros e Anexo IX – Afección de la variación de la calidad del agua al estado biológico del río.*

No escrito, o promotor desenvolve cada un dos puntos especificados pola dirección xeral. Sinala que se incorporará ao monitoreo anual da calidade do aire os núcleos solicitados pola dirección xeral, levando a cabo o control dos parámetros e periodicidade establecidos no informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Describe os





procedementos a levar a cabo no PVSA durante a operación no caso de que se detecten incumprimentos. Achega como anexo o estudo de dispersión de olores efectuado e o programa de xestión de olores que se incorpora no PVSA. Tamén xunta o estudo de impacto acústico solicitado e o PVSA coa monitorización e control dos niveis de ruído para definir se fora necesario as medidas correctoras.

En relación cos parámetros característicos de vertedura, aclara que os valores presentados corresponden á situación máis desfavorable de operación e que cumprirán coa normativa vixente. O promotor indica que se introduciron melloras importantes que supoñen reducir os VLE de Ntotal e Ptotal e reducir a cantidade de nutrientes na canle receptora. Tamén, que se monitorizará a calidade das augas superficiais do río Ulla augas arriba e augas abaixo da vertedura.

En canto á avaliación da calidade das augas de consumo humano, sinala que, a petición de Augas de Galicia, profundizouse no estudo de autodepuración das augas. Achegan os anexos que conformaron a resposta ao informe de Augas de Galicia e cos resultados conclúe que o proxecto non alterará o bo estado ecolóxico e químico do río Ulla no tramo onde se atopa o punto de vertedura, garantindo a non afección pola vertedura industrial á toma de abastecemento de auga para consumo humano.

Sinala os VLE que se tomarán para a fase de operación e para a de construción para as augas residuais xeradas en obra e as sanitarias. Tamén aclara en relación coa augas de escorras, que se realizará un control de calidade á saída da balsa de pluviais que asegura que se cumpren cos parámetros adecuados para o seu vertedura á canle natural. No caso de que se detecte algunha contaminación accidental de ditas augas desviaránse á ETARI para o seu tratamento.

A Dirección Xeral de Saúde Pública avalía nun segundo informe a documentación elaborada e conclúe que a información adicional proporcionada aborda adecuadamente os aspectos solicitados e informa de xeito favorable.

Ademais, aclara que en relación coa dispersión atmosférica dos contaminantes, co impacto de olores e co impacto de ruído e vibracións, entenden que co seguimento ambiental proposto no informe da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático se abordan adecuadamente as medidas e accións de seguimento para evitar e/ou minimizar as emisións e por tanto as afeccións á poboación e á saúde.

Especifica, en relación coas augas de consumo humano, que segundo o promotor non se espera afectación nas captacións do río Ulla con destino ao abastecemento de augas de consumo humano. Non obstante, para comprobar esta non afectación, a Dirección Xeral de Saúde Pública levará a cabo un plan específico de vixilancia e seguimento de dous puntos de abastecemento de auga destinados ao consumo humano nas localidades de Teo e Padrón.

Logo diso, en relación ao trazado modificado da liña eléctrica de subministración LAT 15 kV ata a subestación (SE) de Melide e tras analizar o proxecto da liña modificada, a cartografía dixital, os planos e a addenda ambiental comparativa, a DSXP emitíu un informe favorable condicionado á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación que analice as poboacións dentro dos 200 metros do ámbito de afección da liña aérea e realice unha descrición e análise sobre aspectos necesarios para a caracterización da poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables ou de ocio.





En relación cos campos magnéticos, sinala que dos cálculos e a simulación efectuada, resultan uns niveis moi por debaixo dos límites técnicos analizados nas condicións máis desfavorables, polo que non resulta necesario efectuar ningún seguimento.

Finalmente, recomenda calcular e avaliar o posible efecto coroa da parte aérea da liña eléctrica, aínda que sinala que a avaliación deste efecto non é preceptiva en liñas de 15 kV.

- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade (Subdirección Xeral de Residuos e Economía Circular e Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental) indica nos seus informes a normativa aplicable e as obrigas do promotor en materia de produción de residuos e de solos contaminados, que serán incluídas na autorización ambiental integrada.

- A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL) efectúa a análise do proxecto en relación coa produción e comercialización de alimentos amparados polos diferentes selos de calidade de carácter público, en particular as denominacións de orixe protexidas (DOP), as indicacións xeográficas protexidas (IXP) e a produción ecolóxica, ámbito das súas competencias.

Informan que nos concellos de Palas de Rei e os límites de Santiso, Melide e Agolada existen empresas que elaboran alimentos de calidade amparados por DOP e IXP ou polo distintivo da produción ecolóxica e que nos pregos de condicións das DOP e IXP non atopan requisitos cuxo cumprimento poida quedar comprometido pola posta en marcha da infraestrutura do proxecto. De xeito similar, sinalan que se a industria establece todas as medidas de protección ambiental ás que está obrigada, non parece que os produtores acollidos á certificación ecolóxica que hoxe operan no concello de Palas de Rei e concellos limítrofes teñan en risco o mantemento desta certificación.

Polo tanto, informa que a instalación e posta en marcha do proxecto non parece que poida supor a perda da condición de inscritas de persoas operadoras que participan nas diferentes denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas, nin tampouco das persoas produtoras ecolóxicas actualmente certificadas, xa que non parece que a actividade da industria poida poñer en risco o cumprimento da normativa específica de cada un dos diferentes selos de calidade.

- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un primeiro informe no cal, tras expoñer os antecedentes administrativos, procede a realizar unha valoración da actuación proxectada en base á análise realizada e os estudos presentados polo promotor, para finalmente expoñer as súas conclusións.

No apartado correspondente á valoración do proxecto, esta dirección xeral realiza unha serie de observacións para os distintos aspectos considerados, que se presentan a continuación a modo de resumo:

- Respecto aos valores naturais afectados pola execución, explotación e demolición da fábrica dentro da parcela elixida.

– *Afeccións á ZEC Serra do Careón:*





Tras expoñer o carácter lindeiro da parcela coa ZEC, indicar a existencia dunha distancia variable entre as instalacións proxectadas (inclusive as posibles ampliacións) que permite manter unha zona de transición entre estas e a ZEC e describir brevemente o acceso a través da A-54, finalmente indica que a parcela ocupa de xeito marxinal certa superficie da ZEC e que nin a construción das instalacións na parcela, nin as actividades desenvolvidas nela, nin a demolición, terán efectos significativos sobre a ZEC. Non obstante, considera necesario establecer unha zona tampón de polo menos 50 m entre as instalacións e o límite da ZEC.

– *Zonas húmidas:*

Indícase que a parcela na que se localiza a industria é lindeira coa lagoa de Quintas, incluída no inventario de humidaís de Galicia (HIG) e integrada na ZEC. Esta dirección xeral indica que o proxecto de planta e as infraestruturas auxiliares respectan esta zona, desde a cal se garda unha distancia aproximada de 250 m.

– *Cursos fluviais:*

Indícase que os cursos fluviais presentes na zona da fábrica son o río Seco, o río Ulla e o regato da Chancela e cursos innominados, sendo o máis próximo ás actuacións o río Seco, cun bo estado xeral. Finalmente, sinálase que a documentación ten en conta estes cursos, adopta medidas para evitar e minimizar o impacto sobre eles e que os cursos innominados foron comprobados *in situ*.

– *Hábitats de interese comunitario:*

Recóllense os hábitats de interese comunitario (HIC) identificados nos estudos achegados polo promotor na zona de localización da industria cos códigos 4020*, 4030, 6220*, 6430, 8230, 91E0* e 9230, as conclusións recollidas nos ditos estudos, así como as medidas consideradas para estes hábitats que inclúen accións como a creación de bandas perimetrais, creación de superficies para a proliferación de hábitats, perímetros de protección, traslado de tepes, restauración ambiental, etc. Esta dirección xeral remarca que se trata de hábitats fóra da Rede Natura 2000 e que as medidas previstas se consideran adecuadas, non sendo previsible que teñan un efecto significativo sobre o estado de conservación dos hábitats.

– *Especies de flora catalogada:*

De acordo cos estudos achegados polo promotor, indícase que na zona de localización da industria existe presenza das especies catalogadas a nivel autonómico en perigo de extinción *Santolina melidensis*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Armeria merinoi*. Expóñense as medidas consideradas na documentación avaliada para as distintas fases do proxecto. Este organismo realiza observacións sobre o anel verde de arborado proposto e os posibles efectos prexudiciais sobre as especies, así como as especies propostas para integrar o dito anel. Así mesmo, sinala que o proxecto ten que compensar a perda de áreas de distribución potencial das especies mediante o acondicionamento dunha superficie equivalente dentro do anel verde. Matízase que esta superficie estenderase preferentemente sobre zonas potenciais que non vaian ser alteradas, en terreos lindeiros coa rede Natura 2000 ou nas zonas de maiores pendentes orientadas ao sur nas ladeiras do val do Ulla e o resto do perímetro.





– *Margaritifera margaritifera*:

Indícase que a parcela é lindeira polo sur cun tramo do río Ulla considerado por esa dirección xeral como un espazo ben conservado, en concreto pola presenza da especie referida, e fai fincapé nas distancias entre as instalacións proxectadas e o tramo, permitindo a existencia dunha zona tampón. Pon de manifesto a necesidade de establecer medidas para evitar a incorporación de arrastres de terras ou que se superen os limiares de sólidos en suspensión nas augas do río Ulla. Respecto á vertedura de augas residuais na fase de obras, non se considera que supoña un factor de perturbación, considerando as magnitudes do caudal de vertedura respecto do caudal do río Ulla.

– *Outras especies de fauna*:

Recóllense observacións e apreciacións sobre distintas especies ou grupos faunísticos, sinalando a desvinculación da zona coa presenza de *Tetrax tetrax* en base a publicacións técnicas nacionais, a detección de dous voos de *Circus pygargus*, pero sen indicios de nidificación, así como outras apreciacións respecto ás aves ou a lagoa de Quintas. Finalmente, indica que a protección de anfibios e réptiles require da protección da lagoa de Quintas pola presenza de especies protexidas dentro da ZEC, cuestión que considera que recolle o proxecto e considera o conxunto de medidas establecidas axeitadas e suficientes valorando os efectos previstos.

■ Respecto aos valores naturais afectados polas infraestruturas asociadas á fábrica.

– *Liña eléctrica de 15 kV*:

Este organismo, tras indicar as zonas da ZEC que atravesa a liña, expoñer as referencias normativas sobre a ordenación do territorio e o urbanismo recollidas no plan director da rede Natura 2000, considerar as dimensións da gabiá requirida para a conducción, a súa traza por vías existentes e a ausencia de ocupación de áreas alleas ás marxes ou ocupacións temporais, non considera efectos previsibles sobre os valores naturais que motivaron a designación da ZEC, en base á non afección a hábitats e especies de interese para a conservación e polo seu carácter soterrado.

– *Infraestruturas de abastecemento e vertedura en explotación*:

Este organismo analiza as distintas afeccións derivadas da referida infraestrutura.

- Afección a cursos fluviais: de acordo coa documentación, o proxecto minimizará os cruces en zonas do dominio público hidráulico. Como cruces máis importantes sinálanse o cruce do río Seco, o cruce baixo o río Furelos e o cruce aéreo das tubaxes sobre o río Ulla na cola do encoro de Portodemouros.
- Afección á ZEC Serra do Careón: expóñense as referencias normativas sobre a ordenación do territorio e o urbanismo recollidas no plan director da rede Natura 2000 e sinálase que a alternativa seleccionada aproveita as infraestruturas viarias existentes (especialmente ao seu paso pola ZEC), minimizando a ocupación de terreo. Non obstante, indícase que a superficie afectada pola obras de construción pode chegar aos 20 m, considerando as servidumes e ocupacións





temporais. Así mesmo, respecto do cruce baixo o taboleiro da ponte do río Seco, indica que as tubaxes non xerarían unha ocupación maior que a actual, e respecto ao cruce baixo o río Furelos, realizado soterrado sen gabia e mediante perforación horizontal, este realizaríase sen afectar á ZEC.

- Hábitats de interese comunitario: indícase que o estudo de impacto ambiental presenta un tratamento desigual no que atinxe á correcta identificación dos hábitats de interese comunitario realmente afectados ao mesmo tempo que amosa algunhas imprecisións detectadas respecto ás teselas e os hábitats indicados na documentación avaliada.
- Masas de auga afectadas pola vertedura: indícanse as masas de auga polas que discorre a vertedura antes de entrar na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, dentro da masa ES-014-NR-244-000-05-01, para continuar ata a súa desembocadura. Finalmente, fai alusión aos obxectivos e directrices dirixidos á protección das augas recollidos no articulado do plan director da rede Natura 2000.
- Especies catalogadas de flora: esta dirección xeral indica que en base aos datos de localización de especies de flora protexida (*Santolina melidensis*, *Armeria merinoi* e *Leucanthemum gallaecicum*), o trazado das conducións de captación e vertedura e dos accesos temporais cruzan ámbitos onde existen estas especies. Requírese que para garantir que estas infraestruturas non afecten directamente a exemplares de especies de flora catalogada, o promotor necesita realizar un traballo suficientemente exhaustivo que inclúa a delimitación das áreas con presenza e o censo de exemplares.
- Margaritifera margaritifera: de acordo coa información dispoñible nesa dirección xeral, os puntos de vertedura (fase de obra e explotación), localízanse dentro de dous tramos con presenza desa especie. O tramo de interese prioritario a conservar remata na confluencia do río Bañás co río Ulla, augas arriba do punto de vertedura e sendo coherente co límite da protección do tramo de interese por especies ameazadas establecido no plan hidrolóxico vixente. Sinálanse as propias recomendacións que recolle o estudo de impacto (EslA) para a especie.

En relación a estas infraestruturas, este organismo realiza unha serie de valoracións:

Pese a que as conducións atravesan a ZEC por vías existentes e con carácter soterrado, dado que a construción non se limita a ocupar só o camiño, senón tamén terreos lindeiros, esta dirección xeral considera que antes da autorización do proxecto o estudo debe complementarse identificando e valorando axeitadamente os impactos sobre os hábitats e as especies de interese comunitario que motivaron a declaración da ZEC, así como a presenza de especies catalogadas, en zona de servidume e ocupación temporal e permanente.

Respecto á *Margaritifera margaritifera*, indícase que a vertedura de augas residuais xeradas durante o funcionamento é considerado un factor que pode perturbar o estado de conservación deste espazo e repercutir na especie, sendo necesario adoptar medidas axeitadas e suficientes para eliminar ese factor e que non supoña un risco de producir afeccións apreciables. En base ás observacións e recomendacións realizadas polo promotor relativas á especie, esta dirección xeral





considera que non se aportan datos exhaustivos sobre a presenza da especie nese tramo.

Sinálase que no tramo de río de 18 km posterior aos encoros de Portodemouros, Brandariz e Touro e antes de adentrarse na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, tamén hai presenza de *Margaritifera margaritifera* nalgúns zonas.

No referente a outros cursos fluviais, indícase que non se verán directamente afectados polas actuacións de instalación das tubaxes de captación e vertedura, sempre que se executen tal e como se proxectan os cruzamentos e se eviten os danos aos hábitats de interese comunitario existentes, sen prexuízo de ser informados por esa dirección xeral, cando se planifiquen con máis detalle no proxecto construtivo.

■ Accesos temporais.

Tras expoñer as alternativas de accesos temporais, a interacción do seu trazado coa ZEC Serra do Careón e a necesidade de actuacións de acondicionamento que resultarían na ampliación das vías, este organismo indica que estas infraestruturas presentan os mesmos problemas identificados nas infraestruturas de captación/vertedura.

■ Outras cuestións.

- *Áreas nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e electrocución en liñas eléctricas de alta tensión:*

Sinálase o feito de que a pesar de que o proxecto se inclúe dentro das áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, ningunha das actuacións están afectadas polo disposto nas normas que regulan estas áreas. Non obstante, sinálase que a liña aérea de alta tensión requirida para o funcionamento das instalacións, que é obxecto doutro proxecto, si debería deseñarse cumprindo coas mencionadas normas.

- *Catálogo de árbores singulares:*

No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores singulares.

- *Áreas protexidas por instrumentos internacionais:*

De conformidade co artigo 75 da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, na zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais.

Finalmente, esta dirección xeral conclúe o seu informe indicando que, segundo o exposto con anterioridade, previamente á autorización do proxecto este debe completarse e axustarse de acordo coas conclusións que a continuación se manifestan para diversos aspectos, que se presentan a modo de resumo:

■ Avaliación de repercusións na ZEC Serra do Careón.





A separación definida no proxecto entre a ZEC e as instalacións e urbanizacións deseñadas permite establecer unha zona tampón mínima de 50 m de xeito que as actividades que se executen non poidan afectar a especies ou hábitats de interese comunitario dentro da ZEC e polo tanto esa parte do proxecto non xerará repercusións negativas nese espazo protexido rede Natura 2000.

Respecto á liña, dado o seu carácter soterrado e que ao seu paso pola ZEC se mantén por vías existentes sen necesidade de ocupar terreos adxacentes para a construción, tampouco se espera que teña repercusións negativas sobre os ditos valores.

En canto aos accesos provisionais e as conducións de captación e vertedura, para unha valoración axeitada do impacto sobre os hábitats e as especies de interese comunitario que motivaron a declaración da ZEC, indícase que con carácter previo á autorización do proxecto deberá presentarse un estudo de campo coa escala suficiente que permita evitar as repercusións sobre os hábitats e especies protexidas, ou en caso de de ser inevitable, poder cuantificar as compensacións necesarias

■ Avaliación de repercusións na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza.

A vertedura industrial chega a esta ZEC, polo que as augas que circulan por este espazo natural protexido deben cumprir os obxectivos de calidade máis estritos, e polo tanto o promotor debe adoptar medidas axeitadas e suficientes para garantir que o proxecto non alterará o bo estado ecolóxico e químico do tramo do río Ulla incluído nesa ZEC, durante todo o tempo de funcionamento da industria.

■ Sobre as zonas húmidas.

A inclusión do encoro de Portodemouros e da lagoa de Quintas no Inventario de humidaís de Galicia non implica a aplicación dun réxime de protección por esta circunstancia. Non obstante, considérase que a zona tampón que protexe a ZEC Serra do Careón tamén serve de banda protectora da zona húmida lagoa de Quintas (integrada na ZEC) e das especies de fauna asociadas a esta. No encoro de Portodemouros non se aprecian valores naturais singulares a protexer, destacando en sentido contrario a presenza da especie invasora *Micropterus salmoides*.

■ Hábitats de interese comunitario fóra da rede Natura 2000.

Respecto aos hábitats de interese comunitario na parcela sobre a que se construírá a fábrica, considérase que as medidas previstas polo promotor son axeitadas para evitar o deterioro, a contaminación e a fragmentación dos hábitats identificados, non sendo previsible que o proxecto teña un efecto significativo sobre o estado de conservación dos ditos hábitats nese ámbito.

No tocante aos accesos temporais e as conducións, con carácter previo á autorización do proxecto o estudo debe completarse identificando e valorando axeitadamente os impactos sobre os hábitats de interese comunitario nas zonas de servidume e ocupación temporal e permanente. Así mesmo, estableceranse medidas necesarias para evitar que a execución das obras poidan ter un efecto significativo sobre o estado de conservación dos hábitats.





■ Repercusións sobre as especies de flora catalogada.

Para evitar a perda de biodiversidade, no referido ás especies de *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis*, o proxecto propón a creación dun anel perimetral ou cinto verde con potencial para aumentar o tamaño das poboacións desas especies e contribuír á mellora do seu estado de conservación. Esta dirección xeral realiza unha serie de consideracións relativas á implantación do dito anel.

No tocante ao accesos e conducións de auga, segundo o indicado por esta dirección xeral en apartados anteriores do seu informe, considera que o estudo debe completarse identificando e valorando adecuadamente os impactos sobre as especies catalogadas, nas zonas de servidume e ocupación temporal e permanente, realizando consideracións sobre o grado de detalle do estudo e a metodoloxía. Finalmente, respecto á flora catalogada realiza consideracións sobre os períodos de seguimento indicados polo promotor.

■ Sobre a poboación de *Margaritifera margaritifera*.

Indícase que o promotor ten que adoptar as medidas axeitadas e suficientes para garantir que o proxecto non supoña un risco de alterar as condicións actuais nos tramos do río Ulla habitados por esta especie, de modo que non exista a posibilidade de afectala de forma apreciable, para o que indica unha serie de condicións relativas ás achegas de información sobre a presenza da especie, ás condicións das augas ou ás medidas e controis a adoptar.

■ Sobre os cursos fluviais.

Respecto aos cursos fluviais, o informe realiza unha serie de consideracións tales como a necesidade de remitir os proxectos construtivos definitivos á dirección xeral e de evitar os danos á vexetación de ribeira e ás marxes, ou de achegar documentación detallada sobre a infraestrutura de incorporación da vertedura á canle do río Ulla.

■ Outros aspectos a considerar.

Recóllense unha serie de consideracións relativas ás medidas a implantar, a realización de prospeccións para constatar a presenza ou ausencia de especies catalogadas a nivel autonómico antes do inicio dos traballos ou o proceder e a adopción de medidas no caso de afeccións non consideradas con carácter previo.

En resposta ao informe da DXPN, o promotor achega un escrito no que dá contestación ás apreciacións feitas por ese organismo. A contestación vén acompañada dunha serie de documentos para apoiar os diferentes aspectos a emendar. Na súa resposta, o promotor expón as seguintes aclaracións:

- No que respecta ao requirimento dun estudo completo dos hábitats de interese comunitario afectados dentro da ZEC Serra do Careón polas infraestruturas asociadas (accesos provisionais e conducións de captación e vertedura), o promotor indica que non prevé a necesidade de utilizar os accesos existentes, xa que canto se constrúa a planta estará operativo o enlace a través da autovía A-54. En canto ás conducións, achega o documento "*Estudio de caracterización da la vegetación de la flora protegida de las conducciones de captación y vertedura en el ámbito de implantación de fábrica de fibra para textiles en Galicia*", de outubro de 2024. Indícase que a elaboración do estudo desenvólvese





mediante unha recompilación bibliográfica, un traballo de gabinete e finalmente un traballo de campo nunha área de 20 m a cada lado das conducións. Finalmente, valorouse a afección e realizouse unha proposta de medidas para minimizar os impactos.

- Respecto ás observacións sobre a avaliación das repercusións na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza e os obxectivos de calidade das augas, indicase que a instancias do solicitado polo órgano de bacía, realizouse un modelo de simulación numérico de calidade (3D) co obxecto de demostrar que a vertedura cumpre co establecido no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, e verificar que o río Ulla é capaz de asimilalo, así como avaliar a posible afección por proximidade ao encoro de Portodemouros.

- En relación ás zonas húmidas do encoro de Portodemouros e a lagoa de Quintas, toma nota das conclusións do informe da DXPN e indica que o estudo aportado, *"Diseño del cinturón perimetral y medidas para minimizar el impacto del Proyecto Gama"*, de novembro de 2024, cumpre os requisitos para protexer áreas de interese como a lagoa de Quintas e a ZEC Serra do Careón.

- Respecto aos hábitats de interese comunitario fóra da rede Natura 2000, indica que é de aplicación o indicado na súa resposta para a avaliación das repercusións na ZEC Serra do Careón respecto ás conducións (e que se recolle no primeiro parágrafo deste resumo), e remite ao mencionado documento achegado.

- Respecto ás repercusións sobre as especies de flora catalogadas realizadas pola DXPN, que incluían observacións e valoracións sobre a creación do anel perimetral ou cinto verde proposto polo promotor, as dimensións deste ou a compensación de superficies de flora protexida na área da planta industrial, o promotor achega o documento *"Diseño del cinturón perimetral y medidas para minimizar el impacto del Proyecto Gamma"*, de novembro de 2024. Este documento detalla as definicións, dimensións e características das zonas en que se divide o anel perimetral, coa distribución de cada área de acordo coa función específica que desenvolverá. En canto ás especies de flora protexida, achégase o documento *"Plan de actuaciones para la conservación de Santolina melidensis, Leucanthemum gallaecicum e Armeria merinoi en el entorno del proyecto Gamma"*, de decembro de 2024. Así mesmo, indícanse as dimensións do referido anel perimetral, cunha anchura mínima de 20-30 m para mitigar o impacto visual, que ascende ata os 50-200 m na zona de contacto coa ZEC e coa lagoa de Quintas.

Para completar o estudo da flora catalogada e a valoración do impacto asociado ás infraestruturas asociadas considerando a zona de servidume e de ocupación (temporal e permanente), o promotor indica que non será necesario empregar os accesos temporais, polo que os estudos céntranse nas conducións. Indica que se levou a cabo o estudo de caracterización de hábitats de interese comunitario, vexetación e flora protexida, no documento relativo á caracterización da vexetación mencionado en parágrafos anteriores, no cal se realiza unha mostraxe detallada *in situ*, identificando e localizando zonas con presenza confirmada e potencial das especies protexidas (*A. merinoi*, *L. gallaecicum*, e *S. melidensis*), estimacións de densidades, valórase a afección e propóñense medidas preventivas e correctoras. Así mesmo, achégase o documento *"Anexo V-Medidas técnicas para la protección de la flora protegida en el trazado de C&V"*, de decembro de 2024, no cal se presentan con maior grao de detalle as diferentes situacións que se poden dar en canto ao tipo de afección permanente producida pola gambia das conducións e as medidas a tomar para reducir a dita afección.





No tocante ás observacións da DXPN relativas ao seguimento da flora ameazada, o promotor manifesta o seu compromiso de realizar un control das superficies de compensación das tres especies ameazadas (*A. merinoi*, *L. Gallaecicum* e *S. melidensis*) durante os 5 primeiros anos da súa implantación e, posteriormente, cada 5 anos ata o desmantelamento da fábrica. Así mesmo, indica que no documento "*Anexo I-Plan de vigilancia actualizado*", de setembro de 2024, intégrase o "*Subprograma de seguimiento y mantenimiento de superficies y densidades de flora protegida*", que especifica a metodoloxía e a vixilancia ambiental correspondente, e que se aplica en todas as fases do plan de vixilancia (fase de construción, operación e desmantelamento). En relación ás conducións de captación e vertedura, indícase que se adoptarán as medidas recollidas no apartado 10.3.1 do estudo de caracterización da vexetación e flora achegado.

- En relación á poboación de *Margaritifera margaritifera*, indícase que se realizou unha mostraxe do tramo do río Ulla habitado por esta especie e indicado pola DXPN. Sinala que a localización do punto de vertedura tivo en consideración a mostraxe realizada, de modo que os tramos de especial interese para a conservación quedan augas arriba do dito punto, onde se encontra o 98,5% dos individuos detectados. Indícase que en base aos estudos técnicos realizados e a topografía do último tramo do río Ulla, o punto seleccionado está en equilibrio co mínimo impacto global que supoñen as obras e o efluente en operación.

Así mesmo, como complemento á información exposta con anterioridade, o promotor indica que se realizou un novo modelo de simulación da calidade para demostrar que a vertedura cumpre co establecido no Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, unha vez incorporada a vertedura ao medio, co fin de verificar que o río Ulla é capaz de asimilalo e non produce afeccións augas abaixo deste.

En relación ao indicado pola DXPN referente aos arrastres procedentes das obras as augas do río Ulla, da superación dos sólidos en suspensión ou os puntos de control de verteduras, indícase que na documentación presentada do EsIA, *Volumen VI-Medidas preventivas, correctoras y compensatorias*, establécense medidas a este respecto, xunto cos subprogramas de "*Monitoreo y Contención de los Procesos Erosivos y de Gestión de los Recursos Hídricos*", como parte do programa de vixilancia ambiental para a construción da planta e as infraestruturas. Sinala que ademais se inclúen medidas adicionais co obxectivo de evitar a superación dos limiares de sólidos en suspensión, e así protexer á especie *Margaritifera margaritifera*. Finalmente, o promotor sinala que se instalarán dous puntos de control (no punto de vertedura de obra e na confluencia cos ríos Seco e Ulla), no cales se tomarán tres mostrax (augas arriba, no punto de confluencia e máis de 15 m augas abaixo). A dita mostraxe incorporárase nos correspondentes subprogramas de xestión de recursos hídricos e monitorización da calidade das augas, dentro dos plans de vixilancia para as distintas fases do proxecto.

Finalmente, en canto ás consideracións da DXPN sobre as medidas de vixilancia e seguimento ambiental da especie e do seu hábitat durante as fases de construción e funcionamento, o promotor indica que se achega o documento "*Anexo I-Plan de vigilancia actualizado*" que inclúe no plan de vixilancia ambiental de fase de obras e operación un subprograma con medidas de control ambiental da especie. Indícase a realización de analíticas mensuais en tres puntos durante o período de obras e operación, así como o proceder en caso de empeoramento das condicións que poidan afectar á especie, a vixilancia da posible afección a vexetación de ribeira no ámbito entre o punto de vertedura ata a cola do encoro durante as obras e a realización de mostraxes anuais de *Margaritifera margaritifera* e troitas (pola súa implicación no ciclo vital da especie) para comprobar a abundancia.





- En relación aos cruzamentos sobre as canles fluviais e a infraestrutura de incorporación da vertedura á canle do río Ulla, o promotor achega o proxecto construtivo das infraestruturas de captación e verteduras, o cal recolle as afeccións ambientais e as medidas preventivas e correctoras.

- En canto a outros aspectos considerados pola DXPN, o promotor manifesta que, de acordo ao solicitado, realizará unha prospección para constatar a presenza ou ausencia de especies do Catálogo galego de especies ameazadas, comunicando, no caso de detectarse en lugares non previstos, ao Servizo de Patrimonio Natural da provincia correspondente, xunto coas medidas que se propoñan.

Posteriormente, o promotor achega o documento denominado “*Adenda ambiental comparativa. Línea de 15 kV conexión subestación de Melide*”, de novembro de 2024, que ten por obxecto detallar as consecuencias ambientais derivadas das modificacións realizadas no trazado da liña eléctrica de 15 kV que conectará coa subestación de Melide.

Esta dirección xeral emite un último informe en base á documentación complementaria achegada polo promotor e os cambios introducidos no proxecto. Tras expoñer o obxecto do informe e os antecedentes administrativos, procede a realizar unha extensa análise dos cambios introducidos no proxecto en relación aos diversos aspectos, e que se presentan a modo de resumo a continuación:

■ **Avaliación das repercusións sobre a ZEC Serra do Careón.**

– *Repercusións das instalacións da fábrica:*

Baixo a premisa de establecer unha zona tampón en zonas limítrofes coa ZEC que permitise que as actividades que se fosen executar non afectasen ás especies ou hábitat de interese comunitario dentro da referida ZEC, considerouse que o proxecto non xeraría repercusións negativas sobre o espazo protexido Rede Natura 2000. De acordo coa documentación complementaria relativa ao deseño do cinto perimetral, esta dirección xeral indica que se observan pequenos ámbitos no dito cinto que deben axustarse. Matízase que na DIA debe quedar claro que os terreos da parcela incluídos ata a liña de recuamento serán destinados a cumprir a función da zona tampón requirida, tanto agora coma nun futuro, e recolle un extracto da resposta do promotor en relación á lonxitude da zona tampón en contacto coa ZEC e a lagoa de Quintas.

– *Liña eléctrica 15 kV:*

Considerando a información complementaria achegada e debido á ausencia de cambios respecto ao tramo de liña eléctrica que cruza a ZEC, e que esta infraestrutura mantén o seu carácter soterrado, esta dirección xeral mantén o informado previamente sobre a compatibilidade co espazo natural protexido. O tramo situado fóra da ZEC é obxecto de análise noutro apartado do informe desta dirección xeral.

– *Accesos provisionais:*





Non son previsibles impactos sobre a ZEC asociados a estras infraestruturas, xa que o promotor manifesta que cando se inicien as obras estará operativo o acceso desde a autovía A-54.

– *Construcción das conducións de abastecemento e vertedura en fase de explotación:*

En base aos requirimentos realizados no informe previo, o promotor achega un documento no que realiza unha caracterización da vexetación e flora protexida no ámbito destas infraestruturas. Esta dirección xeral describe as características dos traballos realizados, expón os resultados acadados relativos ás porcentaxes de coberturas vexetais, os hábitats de interese comunitario identificados con códigos 4030, 6220*, 8230,91E0* e 9230 ou as superficies de cada hábitat. Posteriormente, realiza unha síntese das superficies afectadas e en base a estas indica a afección que se podería xerar sobre o conxunto de hábitats de interese comunitario. Recolle as consideracións realizadas polo promotor referidas a compatibilidade do impacto sobre a vexetación en base ás reducidas superficies tanto dentro como fóra da ZEC, así como diversas medidas propostas por este. Finalmente, manifesta a súa conformidade con que as repercusións na ZEC sobre os hábitats 4030 e 91E0* non son significativas. Respecto ao hábitat 8230, indica que a afección é só dun 1,23% e que a apertura dos perfís dos camiños pode xerar zonas adecuadas para a restauración do hábitat e para as especies de flora catalogada, polo que a restauración dos noiros debe dirixirse á recolonización por este tipo de vexetación. Considera adecuadas as medidas específicas de mitigación e/ou compensación, pero considerando a prioridade da conservación das tres especies de flora fronte aos hábitats de interese comunitario (HIC), así como axeitadas a superficie elixida para a compensación dos hábitats 8230 e 6220.

– *Cruces de cursos fluviais:*

Estímanse correctas as medidas de protección, corrección e integración ambiental para a execución das obras recollidas na documentación achegada polo promotor. Identifícanse e analízanse os cruces realizados polas conducións dentro da ZEC (cruce nº 7 e cruce nº 8 Río Seco) de acordo á documentación achegada e indícase que coas medidas de mitigación e compensación previstas estas dúas obras non terán repercusións apreciables.

■ **Avaliación das repercusións na ZEC no Sistema fluvial Ulla-Deza.**

Tras expoñer as conclusións recollidas respecto a este aspecto no informe previo, indícase que o escrito de resposta do promotor sinala que se realizou un novo cálculo de acordo co solicitado por Augas de Galicia, no cal se indica que cos resultados obtidos se conclúe que o proxecto non alterará o bo estado ecolóxico e químico do río Ulla no tramo onde se sitúa o punto de vertedura, de forma que se garante a non afección pola vertedura industrial da ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza.

■ **Sobre as zonas húmidas.**

De acordo coa nova documentación achegada, a lagoa de Quintas formará parte do cinto perimetral e integrárase nunha zona que ten como un dos obxectivos crear unha área de protección do contorno da lagoa de Quintas e o río Seco. Considera axeitadas as medidas garantindo no contorno da lagoa os 50 m a partir do límite da ZEC e as achegas do





promotor no sentido de que a zona tampón en contacto coa ZEC Serra do Careón e a lagoa teña un anchura mínima de 50 m que chegue ata os 200 m.

■ Hábitats de interese comunitario fóra da rede Natura 2000.

Indícase que a documentación achegada polo promotor (*Estudio de caracterización de la vegetación y la flora protegida de las conducciones de captación y vertedura en el ámbito de implantación de fábrica de fibra para textiles en Galicia*) dá resposta ao solicitado no informe previo en relación á necesidade de achegar información que permitise completar o estudo de impacto ambiental en prol de identificar e valorar o impacto sobre os HIC no ámbito das conduccións de captación e vertedura. Fóra da ZEC identifica os hábitats con códigos 4030, 6220, 8230, 91E0 e 9230, sendo os máis afectados os hábitats 9230 e 4030, cunhas superficies das que se indica que representan unha parte insignificante da superficie total existente fóra da Rede Natura 2000. Respecto aos hábitats 6220 e 8230, prevese compensar a escasa superficie con outras superficies novas dentro da Rede Natura 2000.

■ Repercusións sobre as especies de flora catalogada.

– *Cinto perimetral:*

Reprodúcese o indicado polo promotor na documentación achegada, o cal sinalaba que debido ás distintas comunidades vexetais do cinto perimetral, levouse a cabo unha división en zonas da área definindo actuacións específicas para cada zona. A superficie que se acondicionará para as tres especies ameazadas e a modo de compensación das áreas afectadas polo proxecto acadará as 55 ha, polo que o cinto perimetral acadará as 99,4 ha. O dito cinto perimetral divídese en 6 zonas con características e obxectivos distintos, que o informe recolle a modo de resumo. Tras expoñer as medidas dirixidas para garantir a conservación e protección das especies de *Santolina melidensis*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Armeria merinoi*, recollidas no plan de actuación achegado polo promotor, esta dirección xeral realiza unha serie de observacións e consideracións sobre cada unha das zonas descritas na documentación, así como observacións e consideracións tras unha análise por cuadrículas do cinto perimetral.

– *Densidades:*

En este apartado, a dirección xeral recolle os datos de densidades das superficies obxecto de mostraxe ao longo da traza das conduccións de captación e vertedura, xunto aos xa obtidos para a zona da planta, así como as densidades mínimas de plantas que se deben manter nas 55 ha que conforman as zonas A e B do cinto perimetral.

– *Medidas de mitigación na construción das conduccións de captación e vertedura:*

Considéranse axeitadas as medidas específicas de mitigación e/ou compensación desta parte do proxecto, sen prexuízo dunha serie de consideracións realizadas por esa dirección xeral referidas á prioridade de conservación das especies de flora catalogadas fronte aos HIC, á presenza das especies dentro da ZEC, o balizamento de zonas etc.





■ Sobre a poboación de *Margaritifera margaritifera*.

Sinalase que na documentación complementaria achegada polo promotor, inclúese un apartado específico que se engade ao programa de vixilancia e que no seu escrito de resposta se indica que se realizou unha mostraxe no tramo de interese pola presenza desa especie e presenta os datos recompilados, así como un mapa coas densidades (individuos/km de río). Os datos conclúen que o 98,5% dos individuos detectados localízanse augas arriba do punto de vertedura e a presenza de individuos augas abaixo do dito punto redúcese a 8 individuos. Así mesmo, o promotor levou a cabo un novo modelo de simulación numérico da calidade das augas para demostrar que a vertedura cumpre co establecido no Real decreto 817/2015, no medio receptor, que non se producen variacións apreciables de temperatura que ocasionen repercusións á especie, así como outras medidas e observacións relativas á tomas de mostras, control da calidade das augas, seguimento da abundancia de troitas etc.

■ Sobre os cursos fluviais.

Esta dirección xeral realiza unha análise das obras doutros cruces de cursos fluviais recollidas na documentación, valorando o interese en relación ao patrimonio natural e a biodiversidade, así como do deseño do punto de vertedura.

■ Outros aspectos a considerar.

– *Comprobación da presenza ou ausencia de especies catalogadas:*

Indícase que o promotor, en base o solicitado con anterioridade pola dirección xeral, antes do inicio das obras realizará sobre o terreo unha prospección para constatar a presenza ou ausencia de especies do Catálogo galego de especies ameazadas, comunicándoo, en caso de detección en lugares non previstos ao Servizo de Patrimonio Natural da provincia correspondente, xunto coas medidas que se propoñan.

– *Modificación da liña de 15 kV fóra da ZEC Serra do Careón:*

Exponse a nova configuración da liña eléctrica e posteriormente indícase que o tramo aéreo está fóra de espazos naturais protexidos e inclusive das áreas identificadas pola Resolución do 18 de outubro de 2021, da dirección Xeral de Patrimonio Natural. Non obstante, tras considerar que no contorno no tramo aéreo existen outras liñas aéreas semellantes que conflúen na súa maioría na subestación de Melide e realizar unha estimación coa especie *Buteo buteo* da área de campeo para esa área, conclúese que é necesario que se tomen as medidas de prevención da electrocución e da colisión establecidas na norma que regula estas áreas.

Finalmente esta dirección xeral conclúe que, á vista dos antecedentes da análise da documentación, considerase que non é previsible que o proxecto xere efectos negativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, sempre e cando se garante o cumprimento das medidas contempladas na documentación aportada e se apliquen as condicións que se establecen nunha serie de apartados, dos cales se presenta un resumo do seu contido:





■ Avaliación das repercusión na ZEC Serra do Careón.

O cinto perimetral debe acadar os 50 m de anchura mínima desde o límite da ZEC en toda a súa lonxitude, polo que se acepta o zona tampón entre ZEC e a fábrica indicada polo promotor que queda en conxunto co cinto perimetral, como un espazo cunha anchura de 50 e 200 m, suficiente para funcionar como corredor ecolóxico. A DIA debe establecer a condición de que as instalacións da fábrica (agás a entrada das conducións e a liña eléctrica de 15 kV) se sitúen a mais de 50 m do límite da ZEC, agora e no futuro, respectando a zona tampón proposta polo promotor que complementa o cinto perimetral.

En relación á liña de 15 kV esta dirección xeral mantén a valoración positiva, e respecto ao acceso á fábrica non son previsibles impactos sobre a ZEC, xa que non se require o uso de camiños locais.

Polo que se refire ás repercusións sobre os HIC 4030, 8230 e 91E0 dentro da ZEC sinálanse unha serie de consideracións, así como sobre o deseño das arquetas de desaugadoiro no proxecto construtivo, que son recollidas no condicionado.

■ Avaliación de repercusións na ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza.

Os cálculos realizados a instancias do órgano de bacía garanten a non afección pola vertedura de efluentes á ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza.

■ Sobre as zonas húmidas.

Como se indicou no informe previo, a inclusión do encoro de Portodemouros e da lagoa de Quintas no Inventario de humedales de Galicia, non implica a aplicación dun réxime de protección por esta circunstancia. Non obstante, indícase que a zona tampón que protexe a ZEC Serra do Careón serve de banda protectora e garante a conservación da zona húmida lagoa de Quintas e das especies de fauna asociadas a esta.

■ Hábitats de interese comunitario fóra da rede Natura 2000.

Respecto aos HIC na na área na que se construírá a fábrica, repítese que as medidas previstas polo promotor son axeitadas e non é previsible que o proxecto teña un efecto significativo sobre o estado de conservación dos ditos hábitats nese ámbito. No tocante ás conducións de auga, considerando os estudos e as medidas establecidas, a execución das obras non terán un efecto significativo sobre o estado de conservación dos ditos hábitats.

■ Repercusións sobre as especies de flora catalogadas.

Establécense unha serie de consideracións referidas á área de 55 ha do cinto perimetral destinada a aumentar de forma substancial as poboacións das tres especies de flora catalogada presentes. Estas consideracións son recollidas no condicionado da DIA.

■ Sobre a poboación de *Margaritifera margaritifera*.

O proxecto non afecta de forma apreciable á especie de acordo aos datos sobre a distribución de exemplares no tramo de río comprendido entre o punto de vertedura en





fase de obra e o encoro de Portodemouros, o cálculo sobre a variación dos parámetros de calidade das augas (temperatura en particular) e as medidas de control establecidas. Así mesmo recóllense consideracións referidas á toma de mostras e o proceso construtivo do dissipador no punto de vertedura.

■ Sobre os cursos fluviais.

De acordo ao deseño detallado dos cruces sobre os cursos fluviais, non se observan danos significativos á vexetación de ribeira, nin nas marxes, separando suficientemente os apoios das estruturas de cruce e os puntos de inicio das perforacións. A infraestrutura de incorporación da vertedura á canle do río Ulla descríbese en detalle e indícase a obriga de instalar unha reixa á saída da tubaxe nos termos recollidos no artigo 82 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

■ Outros aspectos a considerar.

Sínálanse consideracións tales como o requirimento de toma de medidas de prevención da eletrocución e a colisión establecidas na norma pertinente para o tramo de liña aérea, a obriga de realizar prospeccións para constatar a presenza ou ausencia de especies catalogadas antes no inicio dos traballos ou de toma de medidas axeitadas en caso de afeccións significativas sobre o medio natural non consideradas previamente.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) informa que o EsIA inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) no anexo II e que no anexo I inclúe un *“Estudo de impacto patrimonial do Camiño de Santiago–Camiño Francés e os seus elementos colindantes”*.

Tamén inclúe un apartado no que describe as características da paisaxe afectada polo proxecto de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, describindo as áreas de especial interese paisaxístico máis próximas, a localización do Camiño de Santiago, a descrición do terreo das parcelas e outro no que fai unha análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medias de integración paisaxística e describe o contido do EIIP.

Entre as consideracións que recolle no seu informe, sinala que a instalación, de gran superficie de ocupación e integrada por diversos elementos de gran volume e altura, suporá un impacto paisaxístico pola cambio de cobertura nunha ampla extensión de terreos nunha contorna netamente rural, pola incidencia visual que poden ter as construcións e pola posible afección directa sobre determinados elementos que compoñen e outorgan valor ás paisaxes.

Respecto do impacto visual, sinala que virá producido polos volumes de maior altura como a cheminea, a caldeira de biomasa, a de recuperación ou as naves de proceso, entre outras.

Considera que as faixas perimetrais de vexetación proposta no EIIP minimizarán o impacto visual sempre que estean compostas por especies de diversos portes, incluíndo arbóreo. Sen embargo, as instalacións de maior porte non poderán ser ocultadas integramente e deberán coidarse aspectos de deseño como os materiais, as cores de acabado a través de estratexias de mimetización, fusión, naturalización ou ocultación, tal e como se contemplan na proposta de medidas correctoras. Tamén cita a visibilidade da columna de vapor de auga que se producirá nas instalacións.





En canto ás redes de servizos considera que poden producir alteracións topográficas e afectar a elementos naturais ou construídos de interese paisaxístico, sinalando en particular, o tramo final de evacuación de augas e o punto de vertedura ao río Ulla, que se atopan na AEIP Mourazos e Monte San Xurxo, ou a resolución do bordo oeste da parcela, en contacto co río Seco e o su bosque de ribeira. Os accesos e os tendidos das redes poden afectar a outras masas de vexetación de interese e muros tradicionais de pedra. Para minimizar eses posibles impactos, sinala que deberán adoptarse as oportunas medidas preventivas, consonte co disposto nas Directrices da paisaxe.

Sinala que as medidas preventivas e correctoras recollidas no EIIP que se describen en relación ás Directrices de paisaxe e ás distintas guías de paisaxe da Xunta de Galicia, poden considerarse adecuadas para reducir os impactos paisaxísticos, pero deben completarse.

Conclúe que o contido do EIIP, axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG, se ben sinala que debe completarse nunha serie de aspectos e cautelas como as seguintes:

- Completarse a análise de visibilidade das instalacións da fábrica, para determinar con maior precisión os puntos ou zonas de maior afección, plasmados nas oportunas fotomontaxes, coa finalidade de servir de base para o deseño das barreiras vexetais de ocultación.
- Deseñar de forma detallada as plantacións previstas nas faixas perimetrais da instalación, con especificación das áreas nas que se realizarán plantacións e as especies previstas para elas; o dito deseño deberá resolver a compatibilidade da ocultación dos volumes construídos coa preservación das áreas nas que existen valores naturais ou culturais que así o demanden. Empregaranse especies autóctonas propias da zona, e deberán plantarse preferentemente de forma irregular e de diversas tallas, incluíndo o porte arbóreo, coa finalidade de asegurar unha masa final de textura semellante ás formacións propias do lugar, así como un apantallamento eficaz da maior parte posible das instalacións da fábrica, acorde coa análise de visibilidade efectuado.
- En xeral, pero singularmente para os elementos de maior volume e altura, que resultarán visibles desde diversas zonas da contorna da fábrica, deberán empregarse materiais non reflectantes (evitar brillos). Dado o tipo de visibilidade das instalacións, maiormente recortada contra o fondo do ceo, deben escollerse tonalidades tipo gris moi claro.
- De acordo co que sinalan as epígrafes a3 e a4 da directriz de paisaxe DX.17, tanto a execución dos límites da parcela da fábrica, como os accesos e as redes de captación, vertedura e subministración eléctrica, resolveranse de tal modo que se minimice a alteración da topografía e a afectación a formacións rochosas ou vexetación de interese, e valos tradicionais de pedra.
- Os elementos de sinalización e as instalacións de alumeado, tanto da fábrica como das redes asociadas, deberán deseñarse de tal modo que se reduzan o máis posible a contaminación lumínica e o impacto visual, polo que deberá optarse por materiais e cores discretos e axustar a intensidade e lumínica. Por tomarse como referencia a





Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios, dispoñible na web da Xunta de Galicia.

- Os elementos que integren o punto de vertedura de auga no río Ulla, consonte coas directrices de paisaxe LA.01 e LA.02, deben respectar os valores propios da paisaxe fluvial. Pode consultarse a Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das redes de abastecemento de auga potable (especialmente no referido nos apartados 3.3 e 3.4).

O promotor responde cun escrito no que contesta a cada un dos puntos recollidos no informe do IET e xunta diversa documentación (anexo I ao EIIP, *Análise de visibilidade*, datado en setembro de 2024 e un anexo II de deseño do cinto verde perimetral, datado en novembro de 2024). Ademais da análise de visibilidade solicitada e a descrición pormenorizada do cinto verde perimetral, comprométese a ter en consideración as recomendacións da "Guía de Cores e Materiais de Galicia", especialmente o indicado no tomo VII "Guía de Cor e Materiais de Galicia-GAP Galicia Central", tamén se compromete a ter en consideración as recomendacións en relación co impacto visual e contaminación lumínica e respectar os valores propios da paisaxe fluvial.

Nun seguinte informe o IET considera que o promotor contesta a cada unha das cuestións expresadas no seu informe anterior, remitindo aos anexos para a análise de visibilidade e a definición do cinto verde perimetral e asumindo a adopción das medidas de tipo cautelar indicadas no dito informe.

A análise de visibilidade detalla a incidencia visual partindo a cunca panorámica en catro sectores. En cada un deles se identifican os puntos singulares de observación e se valora a incidencia, incluíndo infografías.

O anexo de deseño do cinto verde detalla a definición de seis áreas ou zonas, diferenciadas en función dos condicionantes de partida e as medidas previstas polo proxecto. A denominada zona C conforma unha barreira perimetral de porte arbóreo de 25 metros de anchura media, formada por especies autóctonas, que se complementa polo bordo oeste da parcela cunha franxa verde asociada ao curso fluvial.

A análise de visibilidade e a definición do cinto verde completan adecuadamente os aspectos formais do EIIP (artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, e artigos 27 e seguintes do RLPPG).

Conclúe que poden considerarse cumprimentadas todas as súas observacións. En particular, as medidas definidas na descrición do cinto verde, xunto coas asumidas no escrito de contestación, e as que xa estaban previstas no EIIP, mitigan de forma adecuada o impacto visual das instalacións proxectadas.

Lembra que, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística recollidas no EIIP e os seus anexos deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto de execución, o que se inclúe no condicionado desta DIA.

Derivado dunha solicitude efectuada polo órgano ambiental ao órgano substantivo durante a análise técnica do expediente referida á modificación da LAT 15 kV ata a SET Melide, o IET emitiu un informe definitivo no que conclúe que o impacto paisaxístico do novo proxecto da liña de 15 kV conexión subestación Melide asociado ao proxecto da fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei non será significativo.





En relación co cumprimento do disposto no artigo 11.1 da Lei 7/2008, a análise de visibilidade e as medidas previstas na adenda ambiental comparativa complementan suficientemente o estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP).

- O Concello de Melide remite un informe no que presenta alegacións ao proxecto e xunta un informe do arquitecto (asistencia técnica externa) no que se desenvolven cuestións ambientais.

No escrito alega contra a declaración do proxecto industrial estratéxico, alude á afección territorial e urbanística en relación co cultivo de eucalipto e o seu encaixe coas DOT e a lexislación sectorial forestal, a diversidade e a sostibilidade do medio rural. Solicita que informen a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e o ICOMOS en relación coa afección ao Camiño de Santiago. Tamén solicita aclaración en relación co encaixe coa Estratexia Galega de Infraestrutura Verde, sobre o ámbito de amortecemento da Rede Natura 2000, o impacto visual especialmente no ámbito do Camiño de Santiago, contaminantes no núcleo urbano, olores e partículas en suspensión. Solicita que se complete a documentación gráfica do proxecto e que se valoren medidas correctoras para minimizar a perda de calidade de vida da veciñanza.

Tamén solicita aclaración en relación coa afección das infraestrutura asociadas, co impacto do tráfico rodado e coa afección á vila de Melide. Tamén requiren unha aclaración sobre sobre a subministración de auga de uso industrial.

Así mesmo, require que se valore o impacto económico que suporá a instalación nas actividades vinculadas ao Camiño de Santiago, tendo en conta a suposta perda de valores naturais, paisaxísticos e medioambientais e de valor patrimonial.

O Informe do arquitecto que se achega xunto co anterior analiza o contido do proxecto, a afección territorial e urbanística, a afección ao patrimonio cultural, ao Patrimonio da Humanidade, a afección medioambiental, á paisaxe, á calidade do aire e ás infraestruturas asociadas (accesos rodados e afección na rede viaria local), abastecemento, e impacto económico (Camiño de Santiago e poboación).

O promotor responde cun escrito no que achega información para aclarar as cuestións formuladas polo concello e xunta os anexos: *Anexo I – Evaluación del impacto socioeconómico del proyecto GAMA, Anexo II.1 – Evaluación del impacto patrimonial (EIP) del Proyecto GAMA, Anexo II.2 – Evaluación de Impacto Visual del Proyecto GAMA, Anexo III - Estudio de dispersión de contaminantes atmosféricos, Anexo IV - Estudio de dispersión atmosférica de los olores, Anexo V - Estudio de impacto acústico, Anexo V.1 - Mapas de ruido*, a modo de información complementaria.

- O Concello de Santiso, xunto co informe urbanístico, achega outro no que, tras facer unha serie de consideracións sobre as alternativas estudadas para a instalación e para as conducións de captación e vertedura, e ao respecto das afeccións ao medio, conclúe o seguinte:

Considera que a avaliación de alternativas partiu de premisas erróneas, sinalando que existían alternativas de implantación avaliadas que producirían unha menor afección. No





referente ás infraestruturas de abastecemento e evacuación, estima que no caso de que, no conxunto das variables avaliadas, resulte máis vantaxosa a alternativa escollida no proxecto, é necesario que se revise o trazado da rede de abastecemento e evacuación para non afectar aos núcleos rurais delimitados no PXOM. E solicita que se reformule o trazado da rede de abastecemento e evacuación, de xeito que discorra, se non na súa totalidade, si na súa meirande parte, por viarios municipais, de xeito que non se afecten parcelas de cultivo.

- A Deputación de Lugo remite o informe do seu Servizo de Medio Ambiente que conclúe que en relación coas afeccións ao patrimonio natural e ao patrimonio cultural da provincia, deberá consultarse e, se é o caso, contar coas autorizacións preceptivas das direccións xerais de Patrimonio Natural e de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Tamén informa en relación a cuestión sectoriais relacionadas coas estradas da súa titularidade que non son obxecto desta DIA.

- A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) responde á consulta feita debido á súa condición como persoa interesada, na que expón unha serie de alegacións e observacións ao proxecto, entre as que se atopan as seguintes:

- No EsIA non se avalían os efectos sinérxicos con outras celulosas de Galicia e o conseguinte problema de eucaliptización e os seus impactos sobre os ecosistemas terrestres e acuáticos.
- A metade do seu perímetro linda coa ZEC ES1110014 Serra do Careón, e situase augas arriba da ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza e da ría de Arousa (ZAC, ZEPA e zonas húmidas Ramsar). Localízase tamén nunha zona que se contemplou para a ampliación da Rede Natura 2000.
- Respecto da captación de auga do encoro de Portodemouros: non se entende a necesidade de bombear cada día unha cantidade moi alta de auga (30.000 m³) a 12 km de distancia e unha altitude de 200 m co conseguinte consumo de enerxía, así como non se entende porque non se proxectou traballar cun circuito pechado de auga.
- O trazado da tubaxe discorre por pistas nas que medran exemplares de especies de flora en perigo de extinción (*Armeria merinoi*, *Santolina melidensis*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Centaurea jeneri*), podendo verse afectadas polas obras. No trazado da tubaxe e na zona onde se localizará a planta tamén se atopan presentes os hábitats prioritarios 4020* e 6220*.
- a vertedura das augas realizarase nunha zona de potencial colonización da especie *Margaritifera margaritifera* e onde se poderían atopar exemplares da especie *Galemys pyrenaicus* (rexistrado nas mostraxes realizadas no ano 2013 no proxecto Life Margal-Ulla), especies que poderían verse afectadas pola posible contaminación orgánica da vertedura da planta ao río Ulla.
- A especie *Margaritifera margaritifera* pode verse afectada debido a que as bombas de auga situadas no encoro contarán con gaiolas de protección de 5 cm, podendo ser moito máis pequenas para o paso da auga, e así evitar afectar aos salmónidos a cuxas branquias se adhire na súa fase larvaria a *Margaritifera margaritifera*.
- O inventario de fauna está moi incompleto (no que se refire a avifauna e á presenza de *Lucanus cervus*, *Macromia splendens* e *Euphydryas aurinia*).





- A Federación Ecoloxista Galega (FEG) responde á consulta feita debido á súa condición como persoa interesada presentando dous documentos, nos que expón unha serie de alegacións e observacións ao proxecto, dos que a continuación se fará un resumen dos principais temas abordados.

- Documento 1:
 - Non se contemplan as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, o que sería necesario debido a que se farán obras e movementos de terras nun substrato ultrabásico serpentínico, o que pode xerar posibles problemas de saúde.
 - A modelización utilizada para a dispersión de gases contaminantes colle os datos da estación meteorolóxica "Aeroporto de Lugo" (a 48,5 km), a que non é nin a máis próxima nin se corresponde coa zona climática do proxecto, xa que a zona onde se localiza a estación está moi condicionada pola orografía. Poderían utilizarse os datos da estación meteorolóxica de Melide que se atopa a 4,5 km. No modelo tampouco se ten en conta a inversión térmica.
 - Os resultados presentados no EslA sobre a temperatura máxima no río despois do punto de vertedura non son veraces, xa que se utilizan valores medios de caudal dunha estación de aforo na que se observa que durante o ano aí grandes variacións de caudal, tendo valores moi baixos ao final do verao e en outono (períodos nos que se dan fenómenos de eutrofización e que so os máis críticos en termos de contaminación) e que non se teñen en conta no modelo utilizado. Polo anterior o incremento de temperatura en realidade sería superior ao que marca a lei vixente.
 - O encoro de Portodemouros xe presenta problemas de eutrofización na actualidade, o e que será incrementado debido a existencia do proxecto, situación sobre a que non se presenta no EslA ningún modelo de predición.
 - Non se presentan plans de protección ou actuación para a salvagarda da saúde das persoas.
- Documento 2:
 - O proxecto terá un efecto negativo sobre o tecido socioeconómico da zona, sobre todo nas actividades ligadas ao Camiño de Santiago e a actividade agrogandeira. Así como o aumento da contaminación que chegará á ría de Arousa afectará nas zonas circundantes a unha economía que depende do sector do mar e os bivalvos da ría.
 - No que se refire a utilización da auga no proxecto, non se tiveron en conta os escenarios futuros polo cambio climático e a consecuente redución de recursos hídricos, o que pode comprometer o abastecemento de auga para consumo humano. Por outro lado, a vertedura de auga a temperaturas máis altas e o alto contido en materia orgánica e as interaccións sinérxicas entre elas, poderán aumentar o grado actual de eutrofización do embalse e por en risco especies como os peixes de augas frías ou os macroinvertebrados.
 - Destruíranse hábitats (afloramentos de rochas serpentínicas) incluídos na proposta de ampliación da Rede Natura 2000, onde aí poboacións de especies protexidas, destacando as especies en perigo de extinción en Galicia: *Armeria merinoi*, *Santolina melidensis* e *Leucanthemum gallaecium*. Tamén a especie vulnerable *Centaurea gallaecica*. As anteditas especies son todas endemismos da





zona, así como máis especies existentes ligadas aos afloramentos rochosos serpentínicos.

- A construción da planta afectaría ao único sobreiral existente na Ulloa.
- Na zona destacan o caracol *Elona quimperiana* e a volvoreta *Zerynthia rumina*, ambos en perigo de extinción, esta última ligada á planta *Aristolochia paucinervis*, que presenta unha poboación illada na zona. Tamén está presenta a especie *Geomalacus maculosus* (e outras especies de anfibios protexidos) e ás especies *Macromia splendens* e *Oxygastra curtisii*. O proxecto tamén podería afectar á avifauna, en especial ás aves *Circus pygargus* e *Circus cyaneus*.
- Existirá un impacto ligado ao solo.
- Afección grave ao patrimonio cultural da zona, como ás mámoas de Monte Barazón 4 e 7 que están afectadas polas tubaxes e sobre todo o Camiño de Santiago (Camiño Francés).
- Impacto paisaxístico debido á presenza do antedito Camiño de Santiago.
- Emisión de gases contaminantes: dióxidos de nitróxeno, dióxidos de xofre, monóxido de carbono e COV's. A existencia da fábrica provocará choiva ácida e malos cheiros.

- A Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) responde á consulta feita debido á súa condición como persoa interesada, na que expón unha serie de alegacións e observacións ao proxecto, entre as que se atopan as seguintes:

- A zona afectada acolle exemplares das aves *Circus cyaneus* e *Circus pygargus*. Nesta zona tamén se poden atopar de maneira regular outras 17 especies presentes no Anexo I da Directiva 2009/147/CE, onde destaca a especie *Elanus caeruleus*, debido a que zona é a única zona de cría en Galicia nos últimos anos.
- O recente Libro Vermello das Aves de España identifica outras 8 especies en perigo e que enfrontan un risco moi alto de extinción en estado silvestre. Ademais, están presentes outras 7 especies na categoría de vulnerable.
- A memoria do medio biótico do EslA é errónea e incompleta. As mostraxes de avifauna non duran un ciclo anual completo, non especifican nin horarios nin transectos e tampouco se realizan na zona do encoro de Portodemouros (onde destaca a presenza das aves migratorias *Podiceps cristatus* e *Pandion haliaetus*). Por outro lado, a bibliografía non está actualizada.
- No EslA mencionase como medida para a protección da lagoa de Quintas a correcta regulación das súas augas ou o mantemento dun niño de cegoña, cando actualmente xa son medidas en vigor ao forma parte a lagoa da ZEC Serra do Careón.
- Destruíranse hábitats serpentínicos nos que se presentan poboacións de especies protexidas, destacando as especies en perigo de extinción en Galicia: *Armeria merinoi*, *Santolina melidensis* e *Leucanthemum gallaecium*. Tamén destaca a especie vulnerable *Centaurea gallaecica*. As anteditas especies son todas endemismos da zona, así como máis especies existentes ligadas aos afloramentos rochosos serpentínicos.
- No ámbito de localización do proxecto están presentes especies de elevado valor, como entre outras, a volvoreta *Zerynthia rumina* ou o caracol *Elona quimperiana*.
- As zonas serpentínicas limítrofes coa parcela do proxecto (ZEC Serra do Careón) poden verse afectadas polo déficit de recarga dos acuíferos ocasionado pola urbanización da parcela.





- O aumento da temperatura do Ulla e o aumento da carga orgánica pola vertedura poderá afectar ás especies *Galemys pyrenaicus*, *Margaritifera margaritifera*, *Macromia splendens* e *Salmo salar*.
- Favorecerase a eucaliptización: perda de biodiversidade, degradación de solos, maior consumo de auga e aumento do risco de incendios.
- O proxecto provocará impacto paisaxístico debido ao tamaño da nave e da cheminea, así como un efecto negativo sobre a actividade económica ligada ao Camiño de Santiago e a la actividade agrogandeira.

No tocante ás alegacións, no expediente remitido polo órgano substantivo constan unhas 27.000, presentadas por particulares, asociacións e/ou plataformas de distintos ámbitos e concellos.

En xeral, estas alegacións poden agruparse en varios modelos distintos que aluden a cuestións comúns entre eles. Dentro do conxunto das alegacións recibidas, unha parte do contido non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito das competencias do órgano ambiental, tales como a declaración de utilidade pública do proxecto e a súa afección a bens e dereitos, o carácter estratéxico do proxecto para a Comunidade Autónoma e, en xeral, outras cuestións accesorias que non procede avaliar para os efectos da declaración de impacto ambiental. No seu caso, esas cuestións serán obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que afectan ao procedemento de avaliación de impacto ambiental do proxecto, o seu contido pode resumirse do seguinte xeito:

No que se refire ao impacto socioeconómico do proxecto sobre a área de implantación, os alegantes argumentan un efecto negativo derivado da desvalorización das terras, a afección sobre a actividade agrogandeira e as marcas de calidade ou denominacións de orixe, o despoboamento e o dano ás actividades ligadas ao Camiño de Santiago. Adicionalmente, sinalan que o proxecto suporá un deterioro da actividade pesqueira e marisqueira das comarcas da Ulloa e Terra de Melide, así como da ría de Arousa.

No tocante ao patrimonio natural, hai numerosas referencias á proximidade xeográfica do proxecto cunha serie de ZEC, entre as que destaca, por ser lindeira, a ZEC Serra do Careón. Tamén se recollen diversos hábitats e especies protexidas que poderían verse afectadas pola implantación do proxecto, entre as que destacan a *Armeria merinoi*, *Santolina melidensis* e *Leucanthemum gallaecium*, ao atoparse todas elas en perigo de extinción. Ademais, cítanse de xeito reiterado a *Centaurea gallaecica* como especie vulnerable e a existencia de outros hábitats prioritarios tanto na zona de implantación da planta como na da tubaxe de captación e vertedura.

Tamén sinalan estas alegacións que o proxecto se desenvolverá nunha zona na que se levou a cabo o proxecto *Life Margal Ulla*, que pretendía a conservación das especies *Margaritifera margaritifera* e *Galemys pyrenaicus*, que poderían verse afectadas pola posible contaminación orgánica do río Ulla e do embalse de Portodemouros derivada do proxecto.

Por último, no que se refire a esta temática, as alegacións sinalan que o proxecto levará aparellada unha eucaliptización da zona, que provocará perda de biodiversidade,





transformación da paisaxe, diminución dos recursos hídricos, aumento do risco de incendios e desaparición de determinadas especies. Ademais, critícanse por incompletos ou imprecisos tanto os inventarios de fauna e a bibliografía incluídos no estudo de impacto ambiental como as mostraxes de avifauna.

No ámbito dos impactos sobre a rede hidrográfica, atópanse alegacións nas que se asegura que se producirá un deterioro da calidade das augas do río Ulla (cambios nos niveis de pH e da temperatura) como consecuencia da captación e vertedura da planta, coa conseguinte afección á ría de Arousa, augas abaixo. Tamén se fai referencia a que non se tiveron en conta os escenarios futuros provocados polo cambio climático á hora de avaliar a dispoñibilidade de recursos hídricos. De igual xeito, sinálase que é previsible a perda de hábitats para especies migratorias de augas frías como a troita e o salmón, das que depende, para o seu desenvolvemento, a *Margaritifera margaritifera*.

Por último, en relación con este ámbito alégase o risco de aumento dos problemas xa existentes de eutrofización e de seca na época estival do embalse de Portodemouros. Faise referencia tamén ás posibles afeccións do proxecto sobre a zona húmida da lagoa de Quintas.

No tocante á saúde pública e a calidade do aire, as alegacións céntranse en sinalar as emisións de diversos gases contaminantes que poderían producir fenómenos de choiva ácida e malos olores, co conseguinte impacto sobre a saúde das persoas. Así mesmo, en relación cos gases contaminantes e a súa dispersión, rexístranse alegacións nas que se cuestionan as modelizacións empregadas polo promotor.

Ademais, apúntase ao incremento significativo do tráfico rodado asociado ao transporte de materias primas para a planta, así como aos movementos de rochas serpentínicas, como dous elementos que poderían afectar a saúde das persoas.

En relación cos efectos do proxecto sobre o patrimonio cultural, as cuestións principais que se recollen nas alegacións teñen que ver coa afección ao Camiño de Santiago (Camiño Francés), así como a outros elementos catalogados, como poden ser as mámoas de Monte Barazón.

Por último, rexistráronse tamén alegacións referidas ao impacto sobre a paisaxe, onde se reiteran os efectos sobre o Camiño de Santiago e as Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) Castelo de Pambre, Río Ulla e Monte San Xusto. Existen numerosas referencias á altura da futura cheminea.

Non obstante, sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos órganos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento, ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.





3. Ámbito da DIA

Logo de efectuar a análise técnica do expediente, cabe indicar que o proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa consiste na implantación das instalacións principais (planta industrial) no concello de Palas de Rei (Lugo), nas cales se desenvolverá o proceso produtivo, e da execución das infraestruturas asociadas (conducións de captación de auga, conducións de vertedura, liña de subministración eléctrica e vías de acceso), que se localizarán nos termos municipais de Santiso e Melide (A Coruña) e Agolada (Pontevedra).

Non obstante, no referente aos accesos previstos no EsIA, finalmente non será necesaria a súa execución pola finalización das obras correspondentes á autovía A-54 de xeito previo ao inicio das obras do proxecto. Polo tanto, o acceso ás instalacións realizarase a través da referida autovía, nun punto localizado no municipio de Palas de Rei, evitando calquera afección ambiental adicional.

En relación ao alcance desta avaliación, non inclúe o ámbito da seguridade das instalacións e dispositivos eléctricos, de estradas, de planeamento urbanístico, de seguridade e saúde no traballo, urbanismo, ordenación do territorio nin aqueles outros que posúen normativa reguladora e instrumentos específicos e quedan fóra do alcance da avaliación de impacto ambiental. Por outra banda, a excepción do desmantelamento da liña eléctrica temporal para a subministración de enerxía á obra, esta DIA tampouco se estende ao cesamento da actividade e desmantelamento da instalación, que deberá ser obxecto no futuro dun proxecto específico.

4. Condicións ambientais

De acordo coa análise técnica do expediente, establécense as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Establécese como condicionado para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA, tendo en conta que as condicións ou medidas recollidas nos informes dos órganos competentes nas distintas materias avaliadas prevalecerán fronte as do EsIA ou a restante documentación e, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

4.1. Condicións particulares

- Cada unha das medidas establecidas no EsIA e nesta declaración de impacto ambiental, incluído o desenvolvemento do programa de vixilancia e seguimento ambiental, deberán estar definidas e orzamentadas polo promotor antes da aprobación do proxecto.
- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa con formación adecuada en materia ambiental que será a responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.
- Con carácter previo ao inicio das obras, o director ambiental e/ou responsable do seguimento ambiental do proxecto presentará ao órgano substantivo, quen o remitirá a este





órgano ambiental xunto coa comunicación do inicio das obras, unha declaración responsable garantindo a adecuación do proxecto ao establecido na presente declaración de impacto ambiental.

- Con carácter xeral, o promotor deberá respectar as boas prácticas ambientais para a realización do proxecto. Nese sentido, poranse en coñecemento de todo o persoal de obra as medidas de carácter ambiental que deberán adoptarse ou respectar para evitar impactos e danos derivados da execución do proxecto. O obxectivo é sensibilizar ao persoal da presenza dos espazos protexidos no ámbito de actuación, así como todos os valores naturais presentes e sobre os que deberán extremar as precaucións para evitar ao máximo posibles afeccións.

-O órgano substantivo informará a esta dirección xeral de calquera cambio de titularidade do proxecto que se produza.

4.2. Condicións específicas

A continuación, indícanse aquelas medidas adicionais establecidas nos informes dos órganos sectoriais recibidos no procedemento e que se consideran necesarias para garantir a protección do medio ambiente, así como as que se desprenden da análise técnica realizada polo órgano ambiental.

- Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

En relación cos efectos sobre os factores ambientais derivados da vulnerabilidade do proxecto ante o risco de accidentes graves ou catástrofes, para minimizar o risco de accidentes graves deberán ter en conta todas as disposicións que lle sexan de aplicación para os efectos oportunos, derivadas da presenza de substancias e procesos que implican o desenvolvemento do proxecto, contempladas no Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, o Decreto 37/2019, do 21 de marzo polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, e o Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

- Axencia Turismo de Galicia

Deberán ter en conta as consideracións indicadas pola dita axencia para minimizar o impacto do proxecto sobre os valores turísticos da zona e, en concreto, as seguintes:

- As obras de instalación realizaranse no menor tempo posible para minimizar a súa afección sobre os bens turísticos e, na medida do posible, evitando a súa coincidencia con festas e actividades socioculturais de importancia que se realicen na contorna do proxecto.

- A localización das instalacións auxiliares de obra e as zonas de provisión, almacenamento e aparcamento manteranse afastadas respecto dos elementos de interese turístico (roteiros, establecementos hostaleiros, instalacións deportivas, etc.), de forma que se limiten as afeccións.





- Así mesmo, evitárase o paso de vehículos e maquinaria nas proximidades dos puntos de interese turístico identificados.

- No caso de que as obras afecten directamente a roteiros e carreiros, estableceranse as medidas necesarias para mantelos abertos e facilitar o paso seguro aos usuarios dos mesmos. Se resulta imprescindible o corte destes itinerarios, este terá a menor duración posible e será informado coa suficiente antelación, sinalizándose no propio camiño polo menos unha semana antes de producirse. Se o corte debe prolongarse máis dunha xornada, establecerase un paso alternativo.

- Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

A instalación debe garantir que se mantén unha boa calidade do aire na súa contorna e que a actividade non vulnera en ningún caso os valores límite establecidos no Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, para a mellora da calidade do aire.

Por outra banda, dado que os resultados da campaña de medida indicativa realizada pola empresa en setembro de 2022 amosaron que a concentración de todos os contaminantes avaliados era baixa e non parecía existir ningunha fonte de contaminantes próxima que estivese afectando a calidade do aire, o promotor debe adoptar as medidas necesarias para manter esta situación naquelas zonas de aglomeración nas que os niveis de contaminantes regulados son inferiores aos seus valores límite, en cumprimento do establecido no artigo 15 do citado real decreto.

No ámbito do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, dado que a instalación está afectada pola Lei 1/2005, do 9 de marzo, estarase ao disposto no informe emitido pola Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral e na propia normativa de aplicación.

Finalmente, no que atinxe ás obrigas en materia de calidade do aire, plan de xestión de olores e emisións á atmosfera, cómpre remitirmonos ao que a tal efecto se estableza na autorización ambiental integrada.

- Dirección Xeral de Saúde Pública

En relación coa auga potable destinada a usos sanitarios, deberá terse en conta que a auga de abastecemento ten que ser apta para o consumo humano, segundo o establecido polo Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

En relación co uso de produtos perigosos, debe dispoñerse das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc., e cumpríranse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de produtos perigosos asociados ás instalacións.





No caso de dispoñer de auga quente sanitaria, esta deberá cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización e todo tipo de sistemas afectados por este Real Decreto.

No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación puidesen ser susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñerse dun sistema integral de control específico.

Con carácter previo ao inicio das obras, o promotor deberá presentar ante a Dirección Xeral de Saúde Pública a documentación que no ámbito das súas competencias sinala no seu informe definitivo en relación coa modificación da liña eléctrica.

Nese sentido, deberán analizarse as poboacións dentro dos 200 metros do ámbito de afección da liña aérea así como realizar unha descrición e análise sobre aspectos necesarios para a caracterización da poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables ou de ocio. Por último, recoméndase calcular e avaliar o posible efecto coroa da parte aérea da liña eléctrica.

A dita documentación deberá contar, previamente ao inicio das obras, co informe favorable da Dirección Xeral de Saúde Pública, e o órgano substantivo achegará a este órgano ambiental, para a súa constancia no expediente, unha copia do dito informe e da documentación elaborada polo promotor.

- Instituto de Estudos do Territorio

De acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística recollidas no EIIP e os seus anexos deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto de execución.

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- Planta industrial:

- Con anterioridade ao inicio das obras, o promotor achegará á DXPC unha proposta para a conservación, estudo e posterior valorización do Petróglypho de Tras da Costa.
- En relación ao camiño da Rigueira ou do Monte Rubio, terase especial coidado en non deteriorar o pavimento histórico de pedra que se conserva en determinados treitos.
- A actuación do acceso á planta que afecta á área de amortecemento do Camiño de Santiago deberá reflectirse nun proxecto de urbanización e paisaxismo, que se achegará á DXPC para a súa autorización preceptiva, que inclúa a parte correspondente de xardinería e integración na paisaxe.

- Gabias de captación e vertedura:

- En base ao establecido nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a execución das gabias no contorno de protección dos bens do





patrimonio cultural catalogados precisará autorización previa da Consellería competente en materia de cultura.

- En relación ás Mámoas do Monte Barazón (GA15079035 e GA15079041), o trazado da captación de condución de augas e vertedura de efluentes situarase preferiblemente no puntos máis afastados posibles respecto ao límite do contorno de protección.
- En relación ao conxunto parroquial de Reiriz, as remocións de terras que se fagan no seu contorno realizaranse baixo control arqueolóxico.
- A maquinaria e medios auxiliares para a execución das gabias non ocuparán superficie dos contornos de protección.

- Accesos:

- Se por motivos de forza maior ou causas alleas ao promotor, fose necesaria a utilización dos accesos temporais, deberán manterse as medidas preventivas previamente desenvolvidas nos documentos achegados os días 26.04.2024 e o 24.01.2025, que en todo caso, precisarían da preceptiva autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Liña eléctrica:

- Con anterioridade ao inicio das obras da liña o promotor achegará á DXPC, para súa autorización, o proxecto construtivo desta instalación.

- Unha vez autorizado o proxecto e con anterioridade ao inicio das obras, o promotor presentará, para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, un proxecto de control arqueolóxico axustado ao previsto na Lei 5/2016, do 4 de maio e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta actuación desenvolverase observando os seguintes condicionantes:

- No marco deste proxecto realizarse un control arqueolóxico da tala e limpeza do mato da finca identificada como Zarra da Costa localizada na Costa do Batán. A seguir realizarase unha revisión da finca e especificamente dos afloramentos de pedras existentes para comprobar a existencia ou non de gravados de interese histórico ou arqueolóxico.

Ao rematar esta revisión, o promotor achegará un informe asinado pola persoa que dirixa o control arqueolóxico da obra no que se plasmen os resultados da mesma.

- A persoa que dirixa o control arqueolóxico debe estar presente nos movementos de terra que se leven a cabo no ámbito no que se localizou o Petróglypho de Tras da Costa e realizar unha revisión periódica das obras en todo o ámbito do proxecto.
- Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación remitida (parque de maquinarias, instalación de casetas, acopios de terras e materiais).





- En base aos resultados desta intervención, a DXPC, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- En relación aos efectos indirectos recollidos na documentación aportada polo promotor, cómpre dicir:

- Paisaxe fóra da zona de amortecemento:

A DXPC entende que á vista dos informes incorporados á documentación presentada pola empresa é esixible un tratamento de cores, texturas e acabados que minimicen a percepción na distancia dos elementos instalados e construídos. Xa que logo, teranse en conta de forma documentada, razoada, motivada e xustificada as consideracións explicitadas deses informes.

As actuacións que se fagan no territorio histórico do Camiño Francés, derivadas das medidas correctoras de integración paisaxística e apantallamento vexetal nos puntos con relación visual directa coa planta, propostas pola empresa nos distintos documentos presentados, reflectiranse nun proxecto que se achegará para a súa autorización preceptiva pola DXPC.

Terase en conta a riqueza paisaxística do territorio histórico do Camiño de Santiago e a súa zona de amortecemento en diálogo cos axentes económicos, culturais, ambientais e sociais da zona, toda vez que se trata dun bens de interese cultural Patrimonio Mundial.

- A construción da liña implica novas construcións e instalacións de carácter definitivo ou provisional e remocións de terras de calquera tipo no contorno de protección dos bens integrantes do patrimonio arqueolóxico, polo que en base ao establecido nos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, terán que ser autorizadas pola consellaría competente en materia de patrimonio cultural. Estas autorizacións teñen carácter independente de calquera outra autorización, licenza ou trámite previo á execución das intervencións.

- En base ao anterior, a construción da gabiola da liña eléctrica no ámbito do Conxunto de Pazo, hórreo e casa tradicional de Reboredo, bens inmoables incluídos no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia, necesitará autorización previa da Consellería competente en materia de patrimonio cultural.

- Augas de Galicia

Estarase ao indicado no artigo 53.1 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico. No dominio público hidráulico os usos comúns especiais e outras actividades non recollidas nos artigos 51 e 52 do dito regulamento, que pola súa especial intensidade poidan afectar á utilización do recurso por terceiros, requirirán autorización previa do organismo de bacía, debéndose presentar declaración responsable para o exercicio no dominio público hidráulico dos restantes usos comúns especiais.

Segundo o establecido no artigo 9.4 do RDPH, a execución de calquera obra ou traballo na zona de policía deberá contar coa correspondente autorización administrativa previa ou declaración responsable perante o organismo de bacía, conforme ao artigo 78 e seguintes.





En relación ao carácter autorizable das actuacións na zona de policía de leitos:

- Segundo o establecido no artigo 7.3 do RDPH, na zona de servidume de leitos, con carácter xeral, non se poderá realizar ningún tipo de construción salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración.
- De acordo co artigo 49.5 da normativa do PHGC, as canalizacións e infraestruturas hidráulicas enterradas proxectaranse, agás en zonas puntuais en que non exista unha solución tecnicamente viable, fóra da zona de servidume do dominio público hidráulico.
- En todo caso, dada a especial transcendencia que supón para a conservación do medio fluvial, considérase de especial importancia que nas beiras das canles as actuacións a realizar respecten ou mesmo, se é posible, incrementen a vexetación de ribeira existente, de modo que se poida garantir a existencia dunha zona de ribeira funcional que actúe como filtro natural ante as posibles achegas de sedimentos e que asegure a protección xeomorfolóxica dos leitos.

Infraestruturas para a captación de auga e as súas verteduras e a liña eléctrica:

- Ao respecto dos cruzamentos das infraestruturas para a captación de auga e os seus verteduras coas ODTs existentes, a separación mínima entre as xeratrices da ODT e da conducción, medida no plano vertical, será de 30 cm. Paro o caso de conducións de augas residuais (colector de verteduras), o cruzamento deberá realizarse sempre baixo a ODT existente debéndose garantir, amais, a impermeabilidade da conducción.
- Ao respecto da estrutura metálica en celosía proxectada para o cruzamento sobre o Encoro de Portodemouros, deberá axustarse ao disposto na normativa do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC), Artigo 66. *Obras de paso de infraestruturas de transporte, e no RDPH, Artigo 126 ter. Criterios de deseño e conservación para obras de protección, modificacións nas canles e obras de paso.* En particular, seguindo as prescricións do artigo 66 do PHGC, a estrutura proxectada deberá estar dimensionada para a enchente de T=500 anos, debendo xustificarse debidamente ante Augas de Galicia o uso dun período de retorno menor. Amais, os estribos deberán situarse fóra do leito e, se fose necesario, deixar libre a zona de servidume de ambas as dúas marxes, co fin de permitir o seu uso público e protexer o ecosistema fluvial.
- Ao respecto do cruzamento co Río Seco encostado á estrutura de paso existente deberase garantir que en ningún caso se diminúa a capacidade de desaugue da dita estrutura.
- En xeral, o trazado en planta de todos os cruzamentos co dominio público hidráulico será o mais perpendicular posible ao da canle interceptada, de maneira que a lonxitude de afectación sexa a mínima posible.
- En función da tipoloxía que corresponda (sobre ou baixo ODTs existentes ou encostados a estruturas de paso existente), os cruzamentos da Liña eléctrica





enterrada de 15KV (SET de Melide) deberán cumprir cos mesmos requisitos que o resto de infraestruturas de captación e vertedura.

-Ao respecto do cruzamento co Río Furelos mediante perforación horizontal dirixida teranse en conta as seguintes consideracións construtivas para minimizar as posibles afeccións sobre a rede fluvial:

- O perfil lonxitudinal do cruzamento terá en conta os posibles efectos dos fenómenos de socavación no fondo do leito, dispoñéndose as conducións por baixo da profundidade máxima de erosión xeral calculada para a avenida de retorno T=500 anos. Esta profundidade respectarase en toda a zona do leito, estendéndose ás zonas laterais susceptibles de verse afectadas polas posibles migracións laterais do mesmo. Evitarase executar o cruce nas zonas curvas do leito, debéndose ter en conta, de darse o caso, o efecto da erosión local no lado exterior da mesma.
- A ocupación e afectación ás zonas próximas ás beiras da canle será a mínima posible, respectando a vexetación de ribeira existente e situando, en todo caso, os pozos de ataque da perforación fóra das zonas de servidume e de fluxo preferente.
- Os lodos xerados durante a perforación recibirán o tratamento axeitado evitando calquera tipo de vertedura ao dominio público hidráulico non autorizado

Calquera aproveitamento de augas incluído o pretendido das augas pluviais recollidas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA.

Calquera reutilización de augas residuais depuradas deberá cumprir co disposto no TRLA e no Real Decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas. Así, a pretendida reutilización deberá obter dous títulos administrativos de Augas de Galicia: un que ampare o uso privativo das augas rexeneradas e outro que ampare a produción e subministración de augas rexeneradas.

No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita no Libro de Rexistro de Augas de Galicia, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto, deberase contemplar a súa reposición. O artigo 143 do RDPH establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar aos afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

A reincorporación das augas pluviais non contaminadas da instalación ao medio natural deberá ser gradual, debéndose implantar, se fose necesario, as medidas oportunas a tal efecto, como por exemplo a disposición no punto de reincorporación de sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas. Ademais, respectaranse as distintas concas vertentes ás valgadas, evitando engadir a unha vagada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da bacía propia.





En relación ás augas residuais fecais depuradas na fase de obras o promotor estará ao indicado por Augas de Galicia no seu informe, en concreto os parámetros, límites, periodicidade de control, instalación de arquetas de control dos efluente, etc.

O titular deberá comunicar por escrito a Augas de Galicia os seguintes fitos:

- Data de finalización das obras correspondentes aos sistemas de depuración (EDAR) e evacuación das augas residuais fecais en fase de obras.
- Data de finalización das obras correspondentes aos sistemas de depuración (ETARI) e evacuación das augas residuais industriais e fecais en fase de operación.

Co obxecto de minimizar as posibles alteracións no réxime de caudais o promotor na fase de deseño construtivo deberá analizar a utilización de elementos de drenaxe urbano sostible (TDUS) na xestión das augas de escorrega na zona urbanizada do complexo industrial, xa que son recomendadas polas ITOHG.

Para o correcto cumprimento dos OMAs da masa de auga solicítase que na fase de deseño do proxecto construtivo se tomen medidas adicionais como son garantir que o deseño da obra de vertedura minimice o máximo posible a capacidade da vertedura de alterar e erosionar o leito e as ribeiras do río Ulla, propoñendo a instalación de disipadores de enerxía ou elementos que amortezan a vertedura e se incluírá o seguimento da súa efectividade no programa de vixilancia ambiental.

No plan de vixilancia ambiental deberase ter en conta a supervisión da efectividade das medidas mitigadoras propostas polo promotor na documentación achegada, particularmente en relación coa vexetación de ribeira.

-Dirección Xeral de Patrimonio Natural

- Todas as instalacións da fábrica (a excepción da entrada das tubaxes de captación e vertedura, e da liña eléctrica de 15 kV), deben situarse a máis de 50 m do límite da ZEC Serra do Careón, agora e no futuro, e respectando a zona tampón proposta polo promotor que complementa ao cinto perimetral.

- Polo que se refire ás repercusións sobre os hábitats de interese comunitario 4030, 8230 e 91E0 dentro da ZEC, debe sinalarse:

- Ten prioridade a conservación das tres especies de flora catalogada (*Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis*), fronte á conservación dos hábitats de interese comunitario, incluso dentro da ZEC.
- No tocante ao hábitat 8230, para mitigar aínda máis as repercusións sobre este tipo de hábitat, na restauración dos noiros abertos en desmonte para a instalación das conducións de captación e vertedura, priorizarase a recolonización con este tipo de vexetación.

- No proxecto construtivo debe axustarse o deseño das arquetas de desaugadoiro de modo que se poida baleirar o tubo de efluente nos tubos de captación evitando o risco de escapes accidentais aos cursos fluviais.





- De acordo co principio establecido no artigo 2.c da Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, debese procurar o uso ordenado dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, a restauración e mellora, e evitar perda neta de biodiversidade.

Para evitar a perda neta de biodiversidade, no que se refire ás especies *Armeria merinoi*, *Leucanthemum gallaecicum* e *Santolina melidensis*, o proxecto inclúe un cinto perimetral, no cal se destinarán 55,16 ha (zonas A e B) a aumentar substancialmente o tamaño das poboacións destas tres especies e, en consecuencia, producir claras consecuencias positivas para elas, contribuíndo á mellora dos seus respectivos estados de conservación.

De acordo cos cálculos expostos neste informe, nestas 55 ha deberá acadarse e manterse durante toda a vida útil da fábrica as densidades mínimas de plantas catalogadas seguintes:

- *Armeria merinoi*: 476 plantas/ha.
- *Leucanthemum gallaecicum*: 593 plantas/ha.
- *Santolina melidensis*: 370 plantas/ha.

Estas superficies non poden ser arboradas nin sometidas á sombra do arborado ou outros elementos como puideran ser instalacións da fábrica. Será obriga do promotor levar a cabo a súa implantación, así como seguimento e mantemento das superficies garantindo en todo momento (ata o desmantelamento das instalacións) que se conservan as densidades e superficies requiridas. A medida comezará a implantarse en canto comencen as obras e levaranse a término sen dilación o antes posible.

No documento presentado polo promotor titulado *Plan de actuaciones para la conservación de Santolina melidensis, Leucanthemum gallaecicum y Armeria merinoi en el entorno del proyecto Gamma* establece un prazo para lograr este obxectivo, non obstante, deben requirirse as seguintes condicións ambientais para esta medida compensatoria:

- Diseñárase un plan de implantación, con carácter previo ao inicio das obras e cun horizonte temporal de 5 anos (prorrogables por outros 5), que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- Incluíranse os traballos necesarios para establecer as condicións edáficas apropiadas para cada especie. De feito, pode ser conveniente unha subzonificación das 55,16 ha en función dos requirimentos propios de cada especie.
- Ao término de cada ano natural presentarase un informe sobre as superficies poboadas con estas especies dentro das 55,16 ha adicadas a esta finalidade, indicando as densidades medias existentes e o número total de plantas presentes nestes terreos. Expoñerase a evolución cara o obxectivo establecido e coas previsións para o seu cumprimento. Incluírase tamén un compendio de coñecemento acumulado sobre os requirimentos ambientais de cada especie e os métodos de reprodución e mantemento.
- Este informe virá acompañado dun plan anual de traballos para o seguinte ano, que





recolla os medios humanos e materiais postos ao servizo deste obxectivo, a dispoñibilidade de planta, as superficies que se pretenden recuperar, así como os traballos que se prevén desenvolver.

Incluíranse accións de mellora continua e investigación que axuden a aumentar as capacidades de produción de planta, de propagación e de viabilidade en campo.

- En función da dispoñibilidade de sementes ou plantas, o prazo de 5 anos poderá prorrogarse anualmente ata o décimo ano.
- Unha vez rematada de implantar a medida compensatoria e acadadas as densidades establecidas, dentro do plan de vixilancia, cada 5 anos, comprobarase que se manteñen as superficies e densidades requiridas informando disto ao órgano substantivo.
- A vexetación acompañante deberá ser monitorizada para controlar os excesos de competencia mediante a execución dos traballos que sexan necesarios, tales como desbroces, pastoreo etc.
- Si ao longo da vida da fábrica, unha vez acadados os obxectivos, diminuíran as densidades medias por debaixo do obxectivo marcado, redactarase e executarase un plan de reforzamento co que se debe lograr a recuperación das densidades establecidas no prazo de 5 anos.

- En relación á especie *Margaritifera margaritifera*, durante as obras, a toma de mostras no punto de vertedura da obra e na confluencia dos ríos Seco e Ulla, debe realizarse periodicamente cada mes, e nos días de choiva con precipitacións diarias superiores ao percentil 90.

As cuestións relativas ao proceso construtivo do dissipador no punto de vertedura quedan para a tramitación da autorización por parte de Augas de Galicia.

- En relación á infraestrutura de incorporación da vertedura á canle do río Ulla, debe instalarse unha reixa á saída do tubo de 500 mm con luz de paso de 2 cm nos termos indicados no artigo 82 do Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.

- Considerando a información dispoñible para avaliar o impacto no novo tramo aéreo de liña de 15 kV, sito fóra da ZEC Serra do Careón, debe requirirse que se tomen todas as medidas de prevención da electrocución e a colisión establecidas no Real decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión, aínda estando fora das zonas de protección definidas para a súa aplicación.

- En calquera caso, de autorizarse o proxecto e antes do inicio dos traballos, levarase a cabo unha prospección minuciosa para constatar a presenza ou ausencia de especies do Catálogo galego de especies ameazadas, comunicando, no caso de detectarse en lugares non previstos, ao Servizo de Patrimonio Natural da provincia correspondente, xunto coas medidas que se propoñan.





- Non obstante, se durante a execución e explotación do proxecto se detecta ou demostra calquera afección significativa sobre o medio natural, non contemplada previamente, tomaranse inmediatamente as medidas axeitadas para paliar a dita afección e será, o Servizo de Patrimonio Natural da provincia correspondente, quen decidirá sobre a conveniencia da solución a adoptar, así como as actuacións precisas ou as medidas axeitadas para corrixir os efectos producidos.

4.3. Condicións xerais

1.-Protección da atmosfera

- Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento das instalacións do proxecto deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

- Calquera actividade puntual programable, que poida supor un incremento nos niveis de presión sonora, realizarase sempre que sexa posible en período diúrno.

- Organización das operacións de xeito que se cree unha zona de barreira entre a fonte de ruído e as zonas habitadas ou con hábitats sensibles.

- Na fase de obras, co fin de reducir as emisións de po, levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Pavimentación dos camiños de acceso.
- Limitación da velocidade de circulación a 20 km/h nos camiños interiores de acceso.
- DE darse condicións de seca e/ou fortes ventos procederase á rega das superficies, evitando en todo momento asolagamentos e escorras. Así mesmo, no caso de transportar materiais pulverulentos os camións deberán ir cubertos por lonas.

- A maquinaria cumprirá coa normativa de emisións que lle resulte de aplicación (ITV en vigor), debendo dispoñer da documentación acreditativa ao respecto.

2.-Protección das augas e leitos fluviais

- Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas inundables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o





Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

- En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorras.

- A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate a ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

- Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

- O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

- A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberán entregarse a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

- No caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

- En relación aos sistemas e procedementos para diminuír as verteduras:





- En caso de realizarse limpeza periódica das superficies externas, que poidan ocasionar afeccións ao medio hídrico por arrastres ou verteduras, adoptaranse as oportunas medidas precisas para evitalos.
- Toda a maquinaria ou instalacións que sexan susceptibles de producir derrames de contaminantes líquidos deberán contar con medidas precisas para a contención dos mesmos.

3.- Protección do solo e infraestruturas

- Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.
- Delimitaranse as distintas zonas de obra e de desmontaxe de equipos e desmantelamento das instalacións de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.
- No caso de ter que realizar algún depósito de sobranceiros de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.
- Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberánse dispoñer mallas antiescorras ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorras será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.
- Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.
- Ante calquera posible afección aos solos que puidera xurdir dos procesos como fugas, derramos accidentais, roturas de depósitos, conducións ou calquera incidente derivado da incorrecta manipulación de materiais e residuos, estableceranse as actuacións e plans de acción para a súa corrección, debendo levar a cabo a recollida inmediata de calquera derramo que puidera afectar ao solo.
- No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, etc.) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.
- Deberanse adoptar as medidas que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados polo tránsito da maquinaria, evitando a erosión e o posible arrastre de materiais coa auga de escorra.
- A circulación de vehículos e maquinaria, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).





- Os elementos do proxecto non suporán un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

- No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

4.- Xestión de residuos

- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento das instalacións e outras instalacións de obra, deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

- De ser necesaria a realización de almacenamentos temporais de residuos, adoptaranse as medidas oportunas co obxecto de que os residuos se almacenen en condicións axeitadas de hixiene, seguridade e segregación, evitando en todo caso producir afeccións ao medio ambiente.

- Para a zona destinada a casetas de obra, provisión de materiais e outros elementos, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras.

-.No caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

- Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

- O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra durante a fase de obras. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

- Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

5.- Fauna, vexetación e hábitats naturais

- Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tales como as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal (especialmente as recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas do Decreto 88/2007, do 19 de abril), atendendo ao disposto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e na





Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

- Nese sentido, para garantir a preservación dos espazos naturais protexidos presentes no ámbito do proxecto, así como todos os seus valores naturais e evitar o seu deterioro, adoptaranse todas as medidas protectoras e correctoras propostas no EsIA e informadas favorablemente polos órganos da Administración competentes na materia.

5.1.- Sobre a fauna

- Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar a fauna.

- Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

- Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5.2.- Sobre a vexetación e os hábitats naturais

- Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

- Para a execución das obras, a corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

- Reduciranse especialmente ao mínimo necesario os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas, así como, de ser o caso, da vexetación de ribeira e outras árbores singulares e/ou protexidas, para o que se seguirá o criterio básico de intervención mínima.

- Na xestión da biomasa vexetal eliminada durante a fase de obra primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.

- Para garantir a non afección e a compatibilidade das actuacións coa conservación das especies de flora ameazada así como dos hábitats naturais que puideran estar presentes na zona, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias.





- Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación, etc.).

- No referente aos accesos aos apoios e á traza da liña eléctrica, terase en conta o seguinte:

- Na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios, primará o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental e afectando o mínimo posible á vexetación natural.
- No caso de accesos de nova execución, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais que puidesen existir na área. Sempre que sexa posible, o novo acceso efectuarase por simple rodadura fronte aqueles métodos que precisen movementos de terras, empregando técnicas de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal. Así mesmo, implementaranse as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.
- Independentemente do tipo de acceso, previamente a súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra do acceso. A anchura será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian a ser empregados unha vez desmantelada a liña, deberánse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa superficie.

- En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña eléctrica, teranse en conta as seguintes cuestións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinaranse en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.
- En calquera caso, limitaranse os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas ao mínimo necesario, así como, de ser o caso, a vexetación de ribeira e outras árbores ou rodaís singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas. Respectarase a vexetación acompañante nas zonas de frondosas arbóreas autóctonas que poidan ser afectadas.
- Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvagardar a vexetación de ribeira que poida existir nalgúns dos cursos fluviais sobrevoados pola liña, e nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas. Para o cumprimento desta premisa, seguirase o criterio básico de intervención mínima, nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas, axustarase o ancho da rúa ao mínimo esixible pola lexislación sectorial dando lugar a unha rúa de ancho variable.





- Prestarase especial atención ao cumprimento da medida correctora consistente en elevar os apoios e dotar aos condutores de altura suficiente co obxecto de evitar ou minimizar a tala da vexetación e manter integramente bosque de ribeira e as zonas onde se atravesen masas de arboredo autóctono. No caso de ser necesario, tensaranse os condutores ao máximo tecnicamente posible para alcanzar unha maior altura sobre o arboredo e evitar a tala ou poda dos exemplares, para estes casos.
- En todo caso, as actuacións baixo a liña deberán estar acordadas coa Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e coa de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

- Calquera actuación de carácter inevitable que afecte aos sistemas naturais, levará asociada a restitución íntegra do espazo afectado e á maior brevidade posible.

6.- Integración paisaxística e restauración

- Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística das instalacións, adoptaranse as medidas preventivas, protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP).

- Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras ou polo seu desmantelamento deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nos labores de restauración e revexetación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e favorecer a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras o antes posible, deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo. Nas superficies afectadas por movementos de terras procederase inmediatamente á total revexetación.
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer das áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- Garantirase a efectividade dos labores de restauración e o mantemento da revexetación ao longo do tempo, para o que se efectuará un seguimento da súa efectividade e se adoptarán as medidas correctoras oportunas no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da revexetación.





- No momento no que as instalacións da liña eléctrica queden definitivamente fóra de servizo, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelala e recuperar a situación preoperacional da zona que ocupaba.

Con carácter xeral, e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, considerarase a desmontaxe e retirada dos apoios da liña, illadores, condutores, demolición da parte superior dos pedestais ou peñas das zapatas, no seu caso, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo da liña, restitución de terreos e servizos afectados e rexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

7.-Patrimonio cultural

- No caso de que por mor do funcionamento das instalacións se producisen afeccións a bens do patrimonio etnográfico, histórico e cultural, deberase poñer en coñecemento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, quen como órgano competente na materia adoptará as medidas necesarias para a súa protección.

5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas ou coñecementos xurdidos.

Tomando como base o programa de vixilancia ambiental proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (previo inicio das obras, revisión, obras, explotación) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

No programa que se desenvolva deberanse incluír as especificacións de seguimento que resulten, para cada fase, dos informes dos organismos consultados (Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Saúde Pública, etc.).

Correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento do cumprimento desta DIA, que inclúe que o programa de vixilancia ambiental quede finalmente definido segundo o arriba indicado para garantir o cumprimento de todas as medidas e permitir así acadar os obxectivos establecidos.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:





- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado e con capacidade técnica suficiente, de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e análíticas, durante toda a fase de obras, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC). En todo caso, deberánse cumprir os requisitos indicados polos organismos sectoriais no seus informes en materia de acreditación e os traballos realizaranse co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar. Ademais, os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, na documentación avaliada ou nesta DIA, comunicáraselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo porá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

5.2. Programa de vixilancia seguimento ambiental na fase de obra

5.2.1. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído na fase de obras da planta e as súas infraestruturas asociadas, tomando como base a proposta do EsIA e as addendas engadidas durante a tramitación ambiental, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.
- En canto aos puntos de mostraxe para a avaliación do nivel sonoro, ademais dos xa incluídos na documentación, deberán comprender os núcleos poboacionais, vivendas illadas e/ou áreas sensibles máis próximas ás instalacións.
- Deberase incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla a campaña preoperacional, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para poder aplicalos aos datos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuaranse medicións mensuais no momento no que se estean executando as obras, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa .





2. En relación co plan de control da calidade das augas desenvolverase para esta fase, segundo o indicado na documentación avaliada e segundo o informado por Augas de Galicia, e no que dispoña na autorización correspondente.

3. Ademais en canto aos plans de vixilancia e demais controis, deberase incorporar co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran nos puntos do condicionado referidos á protección de augas e leitos fluviais e á protección da fauna, vexetación e hábitats naturais.

5.2.2. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EsIA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EsIA e as súas addendas, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución do proxecto, incluíndo os traballos de desmantelamento da LAT a 15 kV o promotor presentará, con carácter mensual, un informe de obras co seguinte contido mínimo:
 - a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
 - b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto,. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:10.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
 - c) Resultados do plan de seguimento incorporando datos comparativos.
 - d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou





imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos (tanto os da obra como os procedentes do desmantelamento do parque preexistente), etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un informe fin de obras que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do proxecto tras a finalización das obras e das áreas afectadas polo desmantelamento da liña, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá Así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación. Nas fotografías indicarse a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:10.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflicta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do proxecto, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias.

5.3. Programa de vixilancia e seguimento ambiental na fase de funcionamento

Esta DIA non establece un programa de vixilancia ambiental ao respecto das emisións á atmosfera, calidade do aire, olores, ruído, produción de residuos, verteduras, calidade do medio receptor, solos e augas subterráneas, xa que será establecido na autorización ambiental integrada.

Para os restantes aspectos ambientais, o programa deberá incorporar as cuestións sinaladas polos organismos competentes nos seus informes (Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Augas de Galicia, Dirección Xeral de Saúde Pública, etc.).

6. Resolución

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro),

RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto industrial estratéxico da industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, nos termos municipais de Palas de Rei (Lugo), Melide e Santiso (A Coruña) e Agolada (Pontevedra), promovido por Greenfiber, SL, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpran, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación





avaliada, o condicionado e o programa de vixilancia ambiental que figuran ao longo deste documento, que prevalecerán sobre todo o anterior.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar condicionados adicionais aos anteriores, do xeito que proceda.

Ante calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA, o órgano substantivo terá en conta a variable ambiental e, se é o caso, previo á autorización dos cambios valorará a necesidade de realizar unha nova tramitación de avaliación de impacto ambiental.

De acordo co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, mediante o anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia daráselle publicidade a esta declaración de impacto ambiental, que estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e remitirase ao órgano substantivo, para os efectos do artigo 42 da dita lei.

Esta declaración de impacto ambiental non exime ao promotor da obriga de obter todas as autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan legalmente esixibles para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

De acordo co disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental, de conformidade co artigo 9. bis da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, perderá a súa vixencia e cesará na produción dos efectos que lle son propios se, unha vez publicada no Diario Oficial de Galicia, non comezara a execución do proxecto ou actividade no prazo de seis (6) anos.

A eses efectos, o promotor de calquera proxecto ou actividade sometido a avaliación de impacto ambiental deberá comunicar ao órgano ambiental a data de comezo da execución do devandito proxecto e de comezo da actividade.

De acordo co artigo 41.4 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, contra esta declaración de impacto ambiental non procederá recurso algún sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa e xudicial fronte ao acto polo que se aproba e/ou autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

Alejandro Carrera López
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

